



## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 15 DE XANEIRO DE 2013.-**

<p><b><u>Sres. Asistentes:</u></b></p> <p><b><u>Sr. Alcalde:</u></b> D. JULIO IGNACIO IGLESIAS REDONDO.</p> <p><b><u>Sres. Concelleiros:</u></b> D<sup>a</sup> MARIA VICTORIA MONTENGRO PAZ D. ALMA BEATRIZ BARRON FERRO. D. JOSE EUGENIO FERNANDEZ LAGO D<sup>a</sup> OLIMPIA MARCOS GARCIA D. JOSE JUAN VILAR RICO. D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> MERCEDES GRANDE REGUEIRO. D. JUAN MANUEL SIXTO GALIANO D<sup>a</sup> JOSEFINA MARTINEZ MARTINEZ. D. EMILIO MESIAS FARIAS. D. ANGEL M. FERNANDEZ PERMUY. D. LUIS CENDAN FERNANDEZ.</p> <p><b><u>SR. SECRETARIO.:</u></b> D. MANUEL LARROSA RODRÍGUEZ.</p>	<p>No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as dez horas e seis minutos do día quince de xaneiro de dous mil trece, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o concello Pleno en sesión ordinaria e primeira convocatoria, baixo a Presidencia, do Sr. Alcalde-Presidente, D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con asistencia dos Sres. Concelleiros, que o marxe se relacionan, actuando como Secretario o que o é desta Corporación D. Manuel Larrosa Rodríguez.</p> <p>Aberta a sesión pola Presidencia entrase no estudio e discusión dos asuntos incluídos na Orde do Día, adoptándose polo Concello Pleno os seguintes acordos:</p>
--	---

### **Punto núm. 1.- APROBACIÓN SE PROCEDE DAS ACTAS DAS SESIÓNS CELEBRADAS OS DÍAS 26 DE ABRIL DE 2012, 31 DE MAIO DE 2012 E 28 DE XUÑO 2012.**

O Concello Pleno por unanimidade acorda prestar a súa aprobación as actas das sesións celebradas os días 26 de abril de 2012, 31 de maio de 2012 e 28 de xuño de 2012.

### **Punto núm. 2.- DAR DA SENTENZA DO TSXG DE 10-12-12 “TELEFONICA MOVILES ESPAÑA S.A.”.-**

Polo Sr. Secretario dase lectura a Sentenza do TSXG de 10-12-2012 “TELEFONICA MOVILES ESPAÑA S.A.” na que se dicta o seguinte FALLO:

“ Que **ESTIMAMOS PARCIALMENTE** el recurso contencioso-administrativo interpuesto por la entidad mercantil TELEFONICA MOVILES S.A., contra el acuerdo del



Ayuntamiento de Ares, de fecha 28 de enero de 2010 (Boletín Oficial de la Provincia de 15-10-2010), por el que se aprueba definitivamente la Ordenanza reguladora de la tasa por la utilización privativa o el aprovechamiento especial del dominio público local por las empresas explotadoras de servicios de telefonía móvil. Sin efectuar pronunciamiento en orden a la imposición de costas procesales.”

O Sr. Alcalde manifiesta que como están en cascada todas as Ordenanzas Municipais que gravan o espacio radio eléctrico, a FEMP está elaborando preparando unha ordenanza e en consecuencia está preparando documentación para volver a aplicar e volver aprobar outras ordenanzas.

O Concello Pleno dase por enterado.

**Punto núm 3.- DAR CONTA DA SENTENZA DO XULGADO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO DE FERROL DE 10-12-2012 “RESPONSABILIDAD PATRIMONIAL” A INSTANCIA DE J.M. VILAR PEREIRA.-**

Dase conta da sentenza do Xulgado Contencioso-Administrativo de Ferrol de 10-12-2012, na que se dicta o seguinte FALLO:

Que estimando el recurso contencioso-administrativo interpuesto por el Procurador D. José Luis Seoane Tojo, en nombre y representación de D. José Manuel Vilar Pereira, contra el acuerdo de la Junta de Gobierno Local del Ayuntamiento de Ares de fecha 28 de junio de 2012, por la que se desestima el recurso de reposición interpuesto contra el acuerdo de la Junta de Gobierno Local del Ayuntamiento de Ares de fecha 28 de mayo de 2012, por la que se desestima la reclamación de responsabilidad patrimonial formulada en fecha 10 de mayo de 2012, como consecuencia de los daños sufridos en un vehículo, se reconoce el derecho del recurrente a una indemnización de 285,37 euros. Sin hacer especial pronunciamiento respecto a las costas procesales causadas.

O Concello Pleno dase por enterado.

**Punto núm. 4.- TOMA DE COÑECEMENTO DE RENUNCIA DE D. JOSE MANUEL CENDAN FERNANDEZ.**

Visto o escrito de data 3 de xaneiro de 2013, presentado no Rexistro de Entrada de documentos o día seguinte 4 de xaneiro de 2013, baixo o número 44, polo Concelleiro electo desta Corporación D. José Manuel Cendán Fernández, polo Partido Politico Partido Popular, no que manifiesta de modo claro e inequívoco súa renuncia voluntaria o Cargo de Concelleiro.



Vistos os artigos 182 da LOREG, aprobada por Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño e 9.4 do ROF aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de outubro, así como a Instrucción da Xunta Electoral Central de 19 de xullo de 1991, sobre substitucións de cargos representativos locais, e atendida a observancia das formalidades e demais requisitos do procedemento, o Pleno da Corporación toma razón da renuncia o cargo de Concelleiro desta Corporación Municipal formulada por Dn. José Manuel Cendán Fernández, pertencente á lista electoral do Partido Político Partido Popular, que surtirá efectos desde a presente data a partir da cal se produce vacante do correspondente escaño e oficiar á Xunta Electoral Central a efectos de que proceda a expedición de credencial de Concelleiro Electo a favor da persoa correspondente da lista electoral do Partido Popular.

O Concello Pleno dase por enterado.

**Punto núm. 5.- APROBACION PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN AS OBRAS E SERVICIOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL POS 2013.**

Dase conta da Engadega presentada polo Grupo Municipal do BNG do seguinte teor literal:

**Engadega o punto 5: Aprobación Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de competencia municipal POS 2013.**

Logo dun longo proceso de demandas, tanto dentro da corporación como por parte da cidadanía, hai algún meses daban comezo as obras de dotación de abastecemento de auga á parroquia de Cervás, executadas por conta da Consellería de Medio Ambiente e infraestructuras da Xunta. Hoxe traemos a este pleno a aprobación da ampliación da rede de abastecemento en Cervás 1ª Fase dentro do POS 2013 da Deputación de A Coruña.

A pesar de que aparece dentro de este POS 2013 unha 2ª Fase cun presuposto de 30.286,23 euros, como obra complementaria, entendemos que ámbalas dúas fases non cobren o abastecemento de auga a toda a parroquia de Cervás, quedando zonas sen suministro.

Sen entrar en consideracións sobre as razóns que puideron levar ás carencias dos proxectos, o certo é que preciso articular solucións urxentes para complementar esta actuación. Neste sentido, desde o Grupo Municipal do BNG propomos ao pleno da corporación a adopción dos seguintes



## ACORDOS

**1.- Buscar unha formula dende o concello para executar en paralelo a 1ª fase que agora se aproba e a 2ª Fase de ampliación da rede de abastecemento en Cervás cun presuposto esta última de 30.286,23 euros.**

**2.- Elaborar urxentemente –tal e como tiña acordado o pleno por unanimidade no pleno do 26 de abril de 2012- o proxecto para dotar do servizo a aquelas zonas que non figuran incluídas na primeira e segunda fase da obra que agora se aproba.”**

O Sr. Alcalde manifesta que o acordo de aprobación, e o seguinte: Aprobar o Plan Provincial de Cooperación as obras e servizos de competencia municipal, POS 2013, e veñen as obras da Ampliación do abastecemento en Cervás, a fase executada por Augas de Galicia, consistía na canalización do abastecemento desde Ares a Cervás, na Construción dos depósitos, que van por gravidade a abastecer de auga tanto a Cervás como a Chanteiro, e por suposto o entramado de conexión no que sería o Centro por eso se necesita executar estas obras con cargo, os POS para levar o auga os outros lugares de Cervás que quedaron fora da actuación de augas de Galicia, o que non entendo e esta emenda, queres poñer outras obras.

Sr. Mesias Farías é unha engadega.

Interven o Sr. Fernández Permuy, e para o mesmo punto e aproveitando que hai dúas fases, e aquí so entra a primeira fase no POS 2013.

Sr. Alcalde, esto é unha obra, aquí non se emenda nada, ou se aproba a obra ou non se aproba a obra.

Sr. Fernández Permuy, é unha engadega, eu lle preguntei o Sr. Secretario e me dixo que non había problema.

Sr. Alcalde, xa pero en principio aquí ven unha obra, ven a someterse o que se vai a solicitar a ampliación da rede de abastecemento en Cervás, esto é unha obra. Aquí aprobamos un Plan Provincial, entón este non ten cabida neste punto.

Sr. Secretario, non habería inconvenientes en engadir a maiores como declaración de intencións o que dí.

Sr. Alcalde, haber aquí o punto Sr. Secretario, ven como APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN AS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS, POS do 2013, entón ven unha obra a aprobar, están de acordo coa obra ou non están de acordo



coa obra, poden propoñer outra obra, se propóns outra obra, se vota e se fai a quen ven aquí ou a que propoñedes vosoutros, pero aquí declaracións de intencións non caben porque aquí se aproba a obra que vai a executar a Deputación.

Sr. Fernandez Permuy, eu creo que entendemos que non é como dis ti, nos non temos problema ningún en aprobar esta primeira fase, o que queremos facer é unha engadega, e dicir e acordar os dous puntos que hai, que se faga a fase 2 en paralelo que se busque desde o Concello.

Sr. Alcalde o presentas como Moción, e o aprobamos como Moción, é que aquí se aproba a obra, que aprobamos como Moción, pois buscar a formula para facer a segunda fase e elaborar urxentemente eso. Aquí ven unha obra, estas de acordo coa obra pois votas a favor, non estás de acordo, coa obra, pois non votas a favor.

Sr. Fernández Permuy, eu quero que me resposte o Sr. Secretario.

Sr. Alcalde, el xa te respostou pero quen dirixe o Pleno son eu, el dí que non ve ningún problema eu si. Eu te pediría que a presentes como Moción, e como Moción non hai ningún problema, porque como ven dis é unha declaración de intencións, pero agora no punto 5 ven a obra, se estamos de acordo con ela a votamos favor, se non estamos de acordo con ela propos outra e a votamos, aquí se trata de propoñerlle á Deputación unha obra, declaración de intencións vale unha moción, a presentas pola vía de urxencia e a votamos.

Aberto o turno de intervención toma a palabra o Sr. Fernandez Permuy, ben nos felicitamos os vecinos e veciñas de Cervás, porque se comenza a facer unha obra que era necesaria, que e levar o abastecemento a todas as partes do municipio, nos vamos a votar a favor efectivamente, de poñer esta obra no Plan de Obras e Servicios da Deputación, pero tamén é certo que temos unha segunda fase, cun presuposto de 30.286,23 euros, que podía entrar neste Plan de Obras e Servicios, enton as duas obras entrarían con un custe, 98.024euros, en lugar de adicar a gasto corrente 71.532 euros, polo menos entendemolo así, e a perda dunha oportunidade de deixar polo menos gran parte de Cervás non a totalidade co abastecemento de auga, porque o que é parte de arriba de Cervás a parte de Leiro según estivemos vendo os proxectos non lle chega o abastecemento de auga, eso é o que vimos nos proxectos, polo tanto vou a repetir o Plan de Obras ven para obras, entendemos nos e eso non quita de non se poidera facer un esforzo por parte desta Alcaldía deste Goberno, para facer as duas fases, en todo caso nos vamos a votar favorablemente a incluír esta obra no POS.



Interven o Voceiro do Partido Popular Sr. Sixto Galiano: Bos días, eu vou a abundar máis no mesmo do que acaba de dicir agora o Concelleiro do BNG, a min me parece que 71532,36 euros que é máis do 50% do Plan de Obras e Servicios que se adique a gasto corrente pareceume unha aberración simplemente, o POS entendo que é Plan de Obras e Servicios, e nos vamos a votar en contra pola sencilla razón de que con este diñeiro non é que votemos en contra da primeira fase, senón que se poderían haber feito as dúas fases.

O Sr. Alcalde manifesta que no Plan de Obras e Servicios a Deputación efectivamente pon a disposición dos Concellos a posibilidade de destinar a gasto corrente unha porcentaxe, así o votou o BNG e o Partido Popular, no Pleno correspondente da Excm. Deputación Provincial, porque isto implicou unha modificación das bases, en consecuencia houbo pleno concurso de todas as forzas políticas para que isto fora así, e en consecuencia todos os concellos están destinando parte do POS evidentemente ó gasto corrente, nos temos o compromiso de dotar de auga a Chanteiro, e Cervás e o estamos cumprindo, en consecuencia se fixo unha obra importantísima en Chanteiro superior o millón de euros, e en Cervás o que se fixo foi unha obra importantísima que rondaba os setecentos mil euros, evidentemente quedan lugares porque o mundo rural efectivamente é loxicamente un ámbito que non é homoxeneo e en consecuencia hai moita dispersión, evidentemente a eses dous nucleos se lles vai a atender con eses dous proxectos, se o propio BNG coñece que a segunda fase 30.286,23 euros é porque os proxectos están feitos, en consecuencia no punto 2 di elaborar urxentemente o proxecto, se se sabe o custe é que xa está, entonces os dous puntos da moción que seguramente presentedes son contradictorios pois no primeiro recoñecedes que hai proxecto, e no segundo pedides que se elabore urxentemente, efectivamente son dous proxectos que se van a executar e o compromiso foi facelo co POS e o vamos a facer co POS este vamos a facer un, e efectivamente co POS do ano que ven vamos a facer o outro, e certo que o Partido Popular pode expresar unha opinión distinta esta no seu lexitimo dereito, pero é a proposta do grupo de goberno que ven aquí a Pleno, en consecuencia procedemos a votar, unha vez que fixamos as posicións.

Sometida a votación o asunto o Pleno do Concello por 9 votos a favor, 6 do PSdeG-PSOE, 1 de NAL e 2 do BNG, e 3 votos en contra do Grupo Municipal do Partido Popular, acorda:

1.- "Aprobar o **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2013**, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, no que se



recollen as obras que o Concello ten previsto realizar, e a dedicación a gastos correntes do exercicio 2013, e de acordo co financiamento que se indica:

**A ) Realización de obras:**

Denominación da obra	Deputación	Concello	Presuposto total
AMPLIACION DA REDE ABASTECIMIENTO EN CERVAS 1ª FASE.	67.738,80		67.738,80
<b>SUBTOTAL OBRAS</b>	67.738.80		67.738,80

Aprobar os proxectos das obras incluídas na anualidade 2013 e que se relacionan nesta táboa.

**B ) Financiamento de gastos correntes:**

	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes	71.532,36

**C ) Resumo:**

Denominación da obra	Deputación	Concello	Presuposto total
<b>SUBTOTAL OBRAS</b>	67.738,80		67.738.80
<b>SUBTOTAL GASTOS CORRENTES</b>	71.532,36		71.532,36
<b>T O T A L</b>	139.271,16		139.271,16

2.- Aprobar o Plan complementario do ano 2013 no que se inclúen as obras que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos:

Denominación da obra	Presuposto
AMPLIACION DA REDE DE ABASTECIMIENTO EN CERVAS 2ª FASE	30.286,23
<b>TOTAIS</b>	30.286,23

3.- Declarar que o Concello é titular e ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución das obras, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o Concello a incluír no orzamento municipal do 2013 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal das obras incluídas na anualidade do 2013.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste Concello da contratación e execución das obras incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta prodúcese efectivamente.



6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a súa execución, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social

8.- Facultar expresamente ao alcalde para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

O Sr. Alcalde manifesta que queda aprobada a primeira fase do abastecimento en Cervás, por unha contía de 67.738,80 euros, e queda pendente a execución da segunda fase que é residual por unha contía de 30.286,23 euros, que incluso eu estimo que podería buscarse a maneira de intentar executala sen esperar o POS, se aparece algún diñeiro antes, sendo unha contía trinta mil euros, pois efectivamente, o que dis aquí intentar executala en paralelo, pois hai un ano de marxe, sabedes que a Deputación vai liberando fondos seguramente está claro que si optemos eses trinta mil euros antes, evidentemente sería bo que nun único tracto executalas dúas fases, en todo caso queda aprobado o Plan como ven a proposta ó Pleno.

#### **Punto núm. 6.- DAR CONTA DO INFORME TRIMESTRAL MOROSIDAD 1 TRIMESTRE 2012.-**

Dase conta do Informe trimestral 1ª trimestre 2012 “Lei 15/2010 do 5 de Xullo, Medidas de Loita Contra a Morosidade nas Operacións Comerciais, que figura incorporado ó expediente e que presenta o seguinte resume:

En prazo núm. de operación 36, por importe de 18.736,35 euros.

Fora de prazo, núm. de operación 245, por importe de 254.411,06 euros.

O Concello Pleno dase por enterado.

#### **Punto núm. 7.- APROBACION SE PROCEDE ORZAMENTO 2013.-**





O Sr. Alcalde manifesta, que o presuposto, todos coñecemos que é unha habilitación de gasto, e en consecuencia consiste nun desglose do diñeiro municipal asignándose a actuacións concretas, nese desglose que ven por partidas, o presuposto aprobado habilita a executar así, evidentemente a consecución dese obxectivo se ve coa conta xeral, transcorrido un ano ven a Pleno a Conta Xeral, para ver se esa habilitación de gasto foi utilizada polo grupo de goberno ou non foi utilizada polo grupo de goberno, en consecuencia se trata dun documento similar ó dos anos anteriores, e mantén efectivamente unha tónica continuista a pesar dunha situación difícil que está vivindo o municipalismo e nese sentido, pois reiteramos un presuposto cunha cantidade similar os orzamentos anteriores, en torno algunhas veces os cinco millóns de euros por riba, como é neste caso, e outras veces os cinco millóns de euros un pouco por abaixo, en consecuencia esté é o documento que nos propoñemos e en consecuencia sometemos a aprobación por parte do Pleno.

Dase conta do informe do Sr. Secretario Interventor de data 8 de xaneiro de 2013 que seguidamente se transcribe:

## **INFORME ECONÓMICO-FINANCIERO**

### **ORZAMENTO 2013**

D. Manuel Larrosa Rodríguez, Secretario-Interventor do Concello de Ares (A Coruña),

En virtude do disposto no artigo 168.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e no artigo 18.4 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988, en Materia Orzamentaria, emito o seguinte

**INFORME**



**PRIMEIRO.** A lexislación aplicable é a seguinte:

— Os artigos 162 ao 171 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

— Os artigos 22.2 e) e o artigo 47.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

— Os artigos do 2 ao 23 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei Reguladora das Facendas Locais.

— A Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a Estrutura dos Orzamentos das Entidades Locais.

— A Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financiera.

— Os artigos 3 e 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2007, de 28 de decembro, polo que se Aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de Estabilidade Orzamentaria.

— Os artigos 4.1, 15 e 16.2 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se Aproba o Regulamento de Desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa Aplicación ás Entidades Locais.

— O artigo 4.1 h) do Real Decreto 1174/1987, de 18 de setembro, polo que se regula o Réxime Xurídico dos Funcionarios da Administración Local con Habilitación de Carácter Nacional.

— As Regras 107 e seguintes da Orde EHA/4041/2004, de 23 de novembro, pola que se aproba a Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local.

— O Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro.

— O Real Decreto-Lei 20/2011, do 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financiera para a corrección do déficit público.



**SEGUNDO.** O Proxecto do Orzamento Xeral para o exercicio económico de 2013 formado polo Sr. Alcalde-Presidente do Concello, está integrado polo Orzamento único da Entidade Local.

**TERCEIRO.** Ascende o Orzamento do exercicio 2013 á cantidade de 5.054.063,74 euros no Estado de Gastos e de 5.054.063,74 euros no Estado de Ingresos, non presentando en consecuencia déficit inicial.

**CUARTO.** En canto ao Procedemento a seguir será o seguinte:

A. Emitido Informe pola Intervención, emitirase Ditame da Comisión Informativa de Facenda, que o elevará o Pleno da Corporación antes do 15 de outubro (cos anexos e documentación complementaria exixida pola lexislación) para a súa aprobación.

En relación á competencia o Pleno será o órgano competente para aprobar o Orzamento Xeral, sendo o quórum necesario para a válida adopción do Acordo de aprobación, o de maioría simple, a tenor do disposto nos artigos 22.2 e) e 47.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e 215 da Lei 5/1997, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia.

B. Aprobado inicialmente o Orzamento Xeral para o exercicio económico de 2013, exporase ao público, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, por quince días hábiles, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.



C. O orzamento considerarase definitivamente aprobado, se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

A aprobación definitiva debería haberse efectuado antes do 31 de decembro de 2012, tal e como indica o artigo 169.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, así como o artigo 20.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril

D. O Orzamento Xeral deberá publicarse no Boletín Oficial da Provincia da Coruña resumido por capítulos, entrando en vigor no exercicio 2013, unha vez fose publicado na forma prevista anteriormente.

E. Deberá remitirse unha copia do mesmo á Administración do Estado e á Consellería de Economía e Facenda do Orzamento Xeral, e dita remisión deberase realizar simultaneamente ao envío ao Boletín Oficial da Provincia da Coruña do anuncio descrito anteriormente.

Unha copia do Orzamento deberá acharse a disposición do público, a efectos informativos, desde a súa aprobación definitiva até a finalización do exercicio.

F. Contra a aprobación definitiva do Orzamento poderá interperse directamente recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos que establezan as normas da devandita Xurisdición.

O Tribunal de Contas deberá informar previamente á resolución do recurso cando a impugnación afecte ou se refira á nivelación orzamentaria.



A interposición de recursos non suspenderá por si soa a aplicación do orzamento definitivamente aprobado pola Corporación.

**QUINTO.** Tradicionalmente a base fundamental para a elaboración do orzamento veñen sendo as normas contidas nos Proxectos de Lei de Orzamentos Xerais do Estado. Este ano as Cortes Xerais aprobaron a Lei 17/2012, do 27 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2013, que significan unhas contas austeras que profundizan no proceso de saneamento da economía española.

Trátase dos primeiros Orzamentos que se elaboran desde a aprobación da Lei Orgánica 2/2012, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibiliade Financiera que veu desenrolar o mandato contido no art. 135 da Constitución española reformada o 27 de setembro de 2011, e de cumprimento ao tratado de estabilidade, coordinación e gobernanza na Unión Económica e Monetaria de 2 de marzo de 2012, garantindo unha adaptación continua e automática á normativa europea.

A Lei 17/2012, do 27 de decembro, persigue garantir a sostibilidade financeira de tódalas Administracións Públicas, fortalecer a confianza na estabilidade da economía española, e reforzar o compromiso en materia de estabilidade orzamentaria, profundizando na redución do gasto público dentro dun contexto de consolidación fiscal, de acordo coas orientacións e recomendacións establecidas pola Unión Europea.

Se manteñen os obxetivos fixados no Acordo do Consello de Ministros en materia de estabilidade orzamentaria e de débeda pública para o período 2013-2015 :



- O obxectivo de déficit para o conxunto das Administracións Públicas no 4,5 por cento do PIB, desglosándose do seguinte modo : o Estado terá un déficit do 3,8 por cento; as Comunidades Autónomas do 0,7 por cento; mentras que as Corporacións Locais e a Seguridade Social pecharan o próximo ano con déficit cero.
- O obxectivo de débeda pública queda fixado para a Administración Central nun 66 por cento do PIB en 2013.
- O límite de gasto non financiero do Estado se fixa en 126.792.000 miles de euros

Para confeccionar o orzamento para o exercicio 2013 se utiliza a estrutura presupostaria, aprobada pola Orden EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos presupostos das entidades Locais.

Cumpre significar o acordo da Comisión nacional de Administración Local adoptado o día 25 de xaneiro de 2012, adquirindo o compromiso coa estabilidade das finanzas do conxunto das Administracións Públicas e o seu apoio ás liñas maestras da nova Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financiera das Administracións Públicas, como xa fixeran as comunidades autónomas no Consello de Política Fiscal e Financiera, celebrado o pasado 17 de xaneiro.

Así as entidades locais manifestaron o firme compromiso de que, ao finalizar o período transitorio que se estableza na Lei Orgánica que desenrole o artigo 135 da Constitución española, o conxunto das Administracións Públicas, deberá presentar equilibrio ou superávit. O límite da débeda non poderá superar o 60 % do PIB para o conxunto das Administracións Públicas, debendo as entidades locais presentar equilibrio orzamentario, considerando adecuada a incorporación, na normativa de estabilidade, dun teito de gasto e unha regra sobre a evolución do gasto das entidades locais, así como a incorporación da normativa comunitaria de



sancións por posible incumprimento dos obxectivos de estabilidade, que atenderán ao principio de gradualidade en función da reiteración ou magnitude da desviación.

O Concello de Ares, no que se refire ao exercicio 2013, deberá elaborar o orzamento, tendo en conta que os ingresos derivados do sistema de financiación e o resto de recursos das entidades locais veránse condicionados polo escenario económico de recesión, estando en relación ao endebedamento, ao que dispoña o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e, no seu caso, á Lei Orgánica que desenrole o artigo 135 da Constitución española.

En materia de servizos públicos, o Concello de Ares deberá emprender as actuacións que sexan necesarias para a mellora da eficiencia na súa prestación, de maneira que se eviten duplicidades na actuación das Administracións Públicas, e levará a cabo os compromisos que se adopten en materia de reordenación e racionalización do sector público local.

É de significar a necesidade de cumprir estrictamente o Plan de Axuste a que está sometido este Concello; Plan de Axuste aprobado polo Pleno do Concello na sesión do día 28 de marzo do 2012 e valorado favorablemente pola Secretaría Xeral de Coordinación Autónoma e Local do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas con data 30 de abril do 2012, no marco das medidas previstas no Real Decreto-Lei 4/2012, do 24 de febreiro, polo que se determinan obrigas de información e procedementos necesarios para establecer un mecanismo de financiación para o pago ós provedores das entidades locais.

O Plan de axuste aprobado, extenderase durante o período de amortización previsto para a operación de endebedamento do art. 10 do Real Decreto-Lei 4/2012, debendo os orzamentos xerais anuais que se aproben durante o mesmo, ser consistentes co mencionado plan de axuste.



Creáse unha praza de Auxiliar de Policía Local en réxime laboral temporal, encadrada no Escala de Administración Especial, Subgrupo Servizos Especiais, grupo C, subgrupo C-1, para un prazo de seis meses, modificándose a praza de Axente de emprego local a auxiliar admvo. da Casa da Xuventude a xornada parcial (22 horas).

É de suliñar que a Lei 17/2012, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2013 establece que **durante o ano 2013 non se procederá á incorporación de novo persoal**, salvo a que poida derivarse da execución de procesos selectivos correspondentes a ofertas de emprego público de exercicios anteriores ou de prazas de militares de tropa ou marinería. Esta limitación alcanza ás prazas incursas nos procesos de consolidación de emprego previstos na disposición transitoria cuarta do Estatuto Básico do Empregado Público (art. 23 Lei 2/2012).

Así mesmo, durante **o ano 2013 non se procederá á contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento de persoal estatutario temporal ou de funcionarios interinos salvo en casos excepcionales e para cubrir necesidades urxentes e inaplazables que restrinxiránse aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.**

Neste senso, aínda que se acredita a necesidade dun novo auxiliar de policía local por seis meses, non se considera por esta Secretaría-intervención procedente nun escenario de recesión e suxeitos a un estricto e duro Plan de Axuste.

As cantidades correspondentes ás retribucións de cargos electivos, mantéñense "conxeladas" nas mesmas contías ca no exercicio do 2012, sen





incrementos. Para atender ás dedicacións exclusivas e parcial dos membros da Corporación, órzase o mesmo importe que o ano 2012. Convén destacar que a súa percepción é incompatible coa de asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados da Corporación de que forma parte, segundo a redacción que a Lei 14/2000 lle dá á Lei 7/1985. Os importes das axudas de custo dos membros da Corporación, dos gastos de locomoción, das asignacións por asistencias dos membros da Corporación e demais indemnizacións tamén se manteñen "conxeladas" ou se axustaron ao Plan de Axuste, sen incrementos, e quedan fixadas nas contías que se establecen nas Bases de Execución deste orzamento.

Os capítulos terceiro e noveno da clasificación económica dótanse coas cantidades necesarias para atender o pagamento de intereses e amortizacións previstos para a débeda desta Corporación durante o exercicio incluída a nova operación de préstamo suscrita ao abeiro do Real Decreto-Lei 4/2012, do 24 de febreiro, polo que se determinan obrigas de información e procedementos necesarios para establecer un mecanismo de financiación para o pago ós provedores das entidades locais.

En materia de ingresos e particularmente respecto dos recursos ordinarios (capítulos primeiro a quinto), consígnanse todos aqueles que legalmente corresponde percibir e cuxa liquidación se prevé realizar durante o exercicio. Para isto, tomáronse como base os padróns fiscais do exercicio anterior e a recadación obtida nel polos distintos conceptos de ingresos, as ordenanzas en vigor, as subvencións xa concedidas ou recibidas ou ben que está previsto ou é habitual recibir e mais a restante información da que se dispón. A maior parte das modificacións son o resultado de aplicarles aos dereitos liquidados en exercicios anteriores, as porcentaxes de aumento previstas polas distintas disposicións así coma os previsibles aumentos das correspondentes bases impositivas, sen prexuízo da utilización dos datos concretos que xa se coñecen.



É de destacar en relación aos ingresos a adopción das medidas previstas no Plan de Axuste (Pleno do 28-03-12, BOP núm. 209, do 2-11-12), así como medidas adoptadas no marco de solventar a difícil situación económica do Concello, cunha grave situación de tesourería e unidas a medidas de saneamento introducidas co devandito Plan de Axuste, deberá mellorar a situación económica e financeira do Concello no presente exercicio económico, coa actualización das Ordenanas fiscais coa aplicación para o ano 2013 do IPC (3,5%), aprobado na sesión plenaria do día 08-11-12, ou ben a revisión para a incorporación no catastro dos inmobles que non se atopan tributando, habendose feito cargo a Xerencia Rexional do Catastro de A Coruña da incorporación de 280 unidades ao padrón do IBI e o Concello de Ares de 189 unidades ou inmobles.

No capítulo cuarto figura o recurso cuantitativamente máis importante do Orzamento, a Participación nos Tributos do Estado, que se calculou aplicándolle á última liquidación definitiva que se coñece, que é a de 2010, coa dedución correspondente á minoración que experimenta a previsión dos ingresos tributarios do Estado entre o ano 2009 e o ano anterior, nos termos do artigo 123 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, isto é, o incremento de previsión da consignación establecida para o 2010.

Outro recurso de especial relevancia, tanto no capítulo cuarto coma no orzamento global, é a participación do Concello no Fondo de Cooperación Local, con carácter financeiro, tendo a consideración de fondos incondicionados os recursos que con cargo á súa dotación lle correspondan ao Concello, conforme a disposición adicional sexta da Lei 2/2000, do 29 de abril, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o 2002, salvante o subfondo adicional.

O Concello de Ares, para paliar a difícil situación económica, fai uso da facultade permitida pola Deputación Provincial de destinar parte dos fondos do POS-2013 (139.271,16 €.) ao financiamento de gastos correntes, destinando para



dito fin a cantidade de **71.532,36 euros**, así como **157.008,22 euros** do PLAN DTC-94 : UNHA DEPUTACIÓN PARA TODOS OS CONCELLOS.

Como no ano 2012, prevése o reintegro derivado da liquidación definitiva negativa da participación nos Tributos do Estado do exercicio 2008, e coa finalidade de suavizar o impacto financeiro que podería ter dito reintegro a favor da Facenda do Estado, si ben inicialmente a Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2010, no seu artigo 91, preveía o seu aprazamento ata xaneiro de 2011, a Lei 39/2010, de orzamentos xerais do Estado para o exercicio 2011, estableceu na disposición final decimocuarta o seu **fraccionamento en sesenta mensualidades**. En consecuencia síguese co **reintegro mensual durante sesenta mensualidades de 1.569,38 €**.

Ciñéndonos estritamente aos xeitos que concirnen de modo directo ás Corporacións Locais, colle destacar os que se citan a continuación en relación ás seguintes materias:

#### **Primeiro.- BASES UTILIZADAS PARA AVALIACIÓN DOS INGRESOS :**

##### **1.- INCREMENTO DAS RETRIBUCIÓN S DOS EMPREGADOS PÚBLICOS.**

No ano 2013, as retribucións do persoal ao servizo do sector público non poderán experimentar ningún incremento respecto ás vixentes a 31 de decembro de 2012, en términos de homoxeneidade para os dous períodos da comparación, tanto polo que respecta a efectivos de persoal como á antigüidade do mesmo, e sen terse en conta a redución aprobada polo Real Decreto-Lei 20/2012, do 13 de xullo. Tódalas mencións desta Lei a retribucións vixentes a 31 de decembro do 2012 ou devengadas en 2012 deben entenderse feitas ás que resultan da Lei 2/20012, do 29 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2012, sen ter



en conta a supresión da paga extraordinaria e da paga adicional ou equivalente do mes de decembro aprobada polo Real Decreto-Lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade.

Tamén durante o exercicio 2013, as Administracións, entidades e sociedades a que se refire o apartado Un do artigo 22 da Lei 17/2012 non poderán realizar aportacións a plans de pensións de emprego ou contratos de seguro colectivos que inclúan a cobertura da continxencia de xubilación.

Respecto á oferta de emprego público, como regra xeral, ao longo do exercicio 2013 non se procederá á incorporación de novo persoal. Esta limitación alcanza tamén ás prazas incursas nos procesos de consolidación de emprego previstos na disposición transitoria cuarta do Estatuto do Empregado Público EBEP, así como a contratación de persoal temporal e a nomeamento de persoal estatutario temporal ou de funcionarios interinos salvo nos casos excepciónais e para cubrir necesidades urxentes e inaplazables que restrinxiranse aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

En canto ás excepcións á regra xeral (sectores e administracións nos que a taxa de reposición se fixa no 10 por cento), inclúese á Policía Local e aos Corpos de Bombeiros.

## **2.- IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES.**

En relación aos ingresos a adopción das medidas previstas no Plan de Axuste (Pleno do 28-03-12, BOP núm. 209, do 2-11-12), que deu lugar á modificación do



tipo de gravamen, quedando os mesmos en 0,70 e 0,75 en bens de natureza urbana e rústica respectivamente.

O art. 8 do Real Decreto Lei 20/2011 establece a aplicación transitoria e excepcional durante os exercicios 2012 e 2013 para os inmobles urbanos dun incremento do tipo impositivo do Imposto sobre Bens Inmobles que houberen aprobado os Concellos conforme ao disposto no art. 72 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Dito incremento varia en función do ano da entrada en vigor da correspondente ponencia total de valores do concello e aplicarásese do seguinte xeito:

- O 10 por 100 nos concellos con ponencia de valores total aprobada con anterioridade ao ano 2002, non podendo resultar o tipo de gravame mínimo ou supletorio inferior ao 0,5 por cento en 2012 e ao 0,6 por 100 en 2013 (ata 2011 estivo fixado no 0,4 por 100).
- O 6 por 100 nos concellos con ponencia de valores total aprobada entre 2002 y 2004, non podendo resultar o tipo de gravame mínimo e supletorio inferior ao 0,5 por cento.
- O 4por 100 nos concellos con ponencia de valores total aprobada entre 2008 e 2011.

Nos concellos cuxas ponencias de valores haxan sido aprobadas entre os anos 2005 e 2007 (caso do concello de Ares), exceptúase a aplicación destes incrementos.

### **3.- PARTICIPACIÓN NOS TRIBUTOS DO ESTADO.**



Na Lei 17/2012 síguese coa mesma metodoloxía, considerando a esos efectos a poboación do Padrón Municipal vixente e oficialmente aprobado polo Goberno a 1 de decembro do 2013 e os datos do esforzo fiscal e do inverso da capacidade recadataria da última liquidación definitiva practicada.

Polo que se refire á información a suministrar por parte das Entidades Locais para determinar o esforzo fiscal para a liquidación definitiva da participación dos Concellos nos tributos do Estado correspondente ao 2013, será a relativa ás certificacións referidas ao ano 2011 e deberánse remitir aos órganos competentes do Ministerio de Facenda antes do 30 de xuño do ano 2013, na forma en que éstos determinen.

#### **4.- INTERESE LEGAL DO CARTO E DE DEMORA.**

Para o exercicio 2013, a Disposición Adicional trixesima novena da Lei 17/2012,; de conformidade co disposto no artigo 1 da Lei 24/1984, de 29 de xuño, sobre modificación do tipo de interese legal do carto, este queda establecido no 4 por 100 e o interese de demora a que se refire o artigo 26.6 dá Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeneral Tributaria, será do 5 por 100.

#### **5.- OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO.**

Como xa se sinalou ao principio (punto 1º) as ofertas de emprego público, como regra xeral, ao longo do exercicio 2013 non procederán á incorporación de novo persoal. Esta limitación alcanza tamén ás prazas incursas nos procesos de consolidación de emprego previstos na disposición transitoria cuarta do Estatuto do Empregado Público EBEP, así como a contratación de persoal temporal e a nomeamento de persoal estatutario temporal ou de funcionarios interinos salvo nos casos excepciónais e para cubrir necesidades urxentes e inaplazables que



restrinxiranse aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

En canto ás excepcións á regra xeral (sectores e administracións nos que a taxa de reposición se fixa no 10 por cento), figura a Policía Local e o Corpo de Bombeiros.

En relación ó persoal do Concello, recepciónada a RPT redactada pola Deputación Provincial da Coruña, esta Secretaría unha vez máis como os anos 2010, 2011 e 2012 ven a significar a necesidade dunha Relación de Postos de Traballo e o Catálogo de Postos de Traballo como instrumentos de ordenación da xestión de recursos humanos, e máis concretamente como expresión ordenada do conxunto de postos de traballo caracterizados por pertencer a unha mesma Unidade ou Dependencia da Administración, que deban ser desempeñados por funcionarios de carreira, por persoal eventual, indistintamente por uns ou outros, e por persoal laboral, coa detallada descrición das características e requisitos dos mesmos. A R.P.T. constitúe o principal instrumento organizativo da Entidade Local, pois se deseña o modelo organizacional a nivel de estrutura interna ordenando e clasificando o persoal en orde a realización concreta do traballo a desenrolar.

Mediante a R.P.T. racionalízase e ordena a función pública, e é un instrumento esencial da política xeral de persoal ó incluír na mesma a dimensión económica e orzamentaria.

Esta Secretaría unha vez máis perante as medidas adoptadas coa redución e conxelación da masa salarial por imperativo do Real Decreto-Lei 8/2010, do 20 de marzo, polo que se adoptan medidas extraordinarias para a redución do déficit público e na Lei 39/2010, do 22 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2011, a conxelación que efectúa o Real Decreto Lei 20/2011, e recollida na Lei 17/2012, ante a inviabilidade de tramitar a RPT nos termos elaborada e



recepcionada, advirte da perentoria necesidade á vista da actual situación da asignación deficiente dos recursos personais ou exceso de carga de traballo nalgunhas áreas -co conseguínte retraso- de efectuar unha reorganización dos postos de traballo así como analizar a procedencia de regularizar postos de traballo á vista de si son estruturais ou non, en base ao art. 22.dous da Lei 39/2010.

Insístese como en anos anteriores no problema derivado das transcripcións literais das actas, coa carga que elo supón dada a transcripción literal das actas e enorme perda de tempo que elo supón para o funcionario encargado das mesmas (sesións dunha media de tres horas de duración), sendo necesario plantexar unha aplicación da Lei de Enxuízamento Civil, no senso de redactar as actas na súa parte dispositiva, votacións e acompañala dun CD co audio asinado electrónicamente como fan outros Concellos. Elo suporía poder levar as actas ao día, tanto para a Corporación como perante a súa remisión á Administración do Estado e Xunta de Galicia. Tamén é de destacar a Orde do 15 de decembro do 2010, pola que se regula a remisión obligatoria de determinada documentación das entidades locais galegas á Xunta de Galicia e se suprime o formato papel nelas.

Tamén recoméndase efectuar unha revisión da periodicidade dos órganos Colexiados do concello, dando lugar a veces a un excesivo número de convocatorias.

En anos anteriores (2008, 2009, 2010, 2011 e 2012) insísteuse na necesidade perentoria de cubri-la praza de Interventor deste Concello para aliviar a carga dos servizos económicos, primordialmente desta Secretaría e a Tesouraría (semáns con tarefas polas tardes e fins de semán) e que permita levar a cabo unha fluída e eficaz función interventora. Transcurridos cinco anos sen que se provistase regulamentariamente dita praza, este ano o funcionario que suscribe novamente **advirte da urxente e inaplazable necesidade** de cubrir dita praza en orde a unha correcta e eficaz xestión e fiscalización económica-financeira. Como xa se informou en anos anteriores, este Concello co orzamento que posúe supera a





municipios limítrofes que cun orzamento inferior ou similar, dispoñen dun funcionario de habilitación con carácter nacional na función Interventora (Neda-Cariño-Cedeira-Mugardos, etc.).

É de destacar o notable incremento de traballo na función interventora e tesorería consecuencia do Plan de Axuste en canto ao seu seguimento e información derivado do mesmo e da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade financeira e da Orde HAP/2105/212, do 1 de outubro, pola que se desenrolan as obrigas de suministro de información previstas na citada Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financiera que se xunta como anexo do presente informe.

Dase por reproducido novamente o exposto sobre a planificación dos recursos humanos efectuado nos informes presupostarios dos anos 2009 e 2010.

## **6.- ESTABILIDADE ORZAMENTARIA.-**

A estabilidade orzamentaria é obxecto de informe adicional realizado con data seis de xaneiro do 2013.

## **7.- SITUACIÓN ECONÓMICA.**

Nos termos sinalados pola Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro con data 27 de novembro de 1998 pola que se autoriza a concertar unha operación de préstamo por importe de 21.383.216.- ptas., autorización solicitada ó abeiro do artigo 54.3 en relación co 50, parágrafo carto, apartados cinco e sete da Lei 39/1988, do 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, na redacción dada



pola Lei 13/1996, do 30 de decembro, de Medidas Fiscais, Administrativas e do Orde Social, establece a prohibición para o Concello de non producir incrementos da débeda viva bancaria a longo prazo, en tanto en canto non se conquiran cifras de aforro neto positivo.

A liquidación do orzamento do exercicio de 2011 foi aprobada por Resolución da Alcaldía de 30 de marzo de 2012, cunhos ingresos correntes liquidados ou devengados de 4.693.108,73 €.

O Aforro Neto da liquidación do orzamento de 2011 nos termos do artigo 53 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba ou Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais é a diferenza entre os dereitos liquidados polos capítulos 1º ó 5º, amolos dous inclusive do orzamento de ingresos de 2011, e das obrigas recoñecidas polos capítulos 1º, 2º e 4º do estado de gastos minorado no importe dunha anualidade teórica de amortización das operacións proxectadas -tendo en conta que dito importe teórico de amortización, determinarase en todo caso en termos constantes, incluíndo interéses e a cota anual de amortización- e de cada un dos préstamos e empréstitos propios e avalados a terceiros pendentes de reembolso, deu un **resultado positivo, e o mesmo evoluciona favorablemente** nos seguintes termos :

<b>EXERCICIO</b>	<b>2010</b>	<b>2011</b>
<b>Dereitos recoñecidos netos (Cap. 1 ó 5) :</b>	<b>4.311.015,08</b>	<b>4.693.108,73</b>
<b>Obrigas recoñecidas netas (cap. 1,2 e 4) :</b>	<b>4.101.937,40</b>	<b>4.221.871,30</b>
<b>Anualidades amortización (Cap. 3 e 9) :</b>	<b>585.468,66</b>	<b>248.430,57</b>
<b>Aforro neto (1-2-3) :</b>	<b>-376.390,98</b>	<b>+222.806,86</b>



**Indicadores de equilibrio orzamentario :**

	<b>2010</b>	<b>2011</b>
<b>Aforro bruto</b>	<b>3,81%</b>	<b>9,07%</b>
<b>Aforro neto</b>	<b>-8,73%</b>	<b>4,75%</b>
<b>Necesidade/capacidade financiamento</b>	<b>9,74%</b>	<b>0,65%</b>

Cando o aforro neto sexa de signo negativo, o Pleno do Concello deberá aprobar un plan de saneamento financeiro a realizar nun prazo non superior a tres anos, no que se adopten medidas de xestión, tributarias, financieras e presupostarias que permitan como mínimo axustar a cero o aforro neto negativo da entidade, organismo autónomo ou sociedade mercantil. Dito plan deberá ser presentado conxuntamente coa solicitude da autorización correspondente (art. 53 R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo "operacións de crédito a longo prazo : réxime de autorización").

Cando unha Administración Local decide acudir a un préstamo a longo prazo debe ter en conta os artigos 49 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, é dicir debe dispor de aforro neto Positivo e non superar o **110% dos recursos liquidados**.

Así para a determinación do aforro neto e dos ingresos correntes a efectos de calcular o nivel de endebedamento, teráse en conta a liquidación do orzamento do exercicio 2011 e, no seu caso, as cifras deducidas dos estados contables consolidados, con suxección a aquela norma e á de estabilidade orzamentaria. A efectos do cálculo do capital vivo, consideraranse tódalas operacións vixentes a 31 de decembro de 2012, incluído o risco deducido de avales e incrementando, no seu caso, nos saldos de operacións formalizadas non dispostos e no importe da operación proxectada ou proxectadas en 2013 se has houbese.



De acordo co anterior, no exercicio económico 2013, as entidades locais e a súas entidades clasificadas no sector Administracións Públicas que liquiden o exercicio 2012, con aforro neto positivo, poderán concertar novas operacións de crédito a longo prazo para a financiación de inversións cando o volume total do capital vivo **non exceda do 110 por 100** dos ingresos correntes liquidados ou devengados, segundo as cifras deducidas dos estados contables consolidados.

As entidades que non cumpran os requisitos anteriores non poderán concertar en 2013 operacións de crédito a longo prazo.

No caso de que o Concello atópase con aforro neto negativo e a carga financeira exceda o 110% dos dereitos liquidados, o Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, reguladora das facendas Locais, esixe realizar plans económicos :

Plan de Saneamento Financiero.

Plan Económico-Financeiro.

Plan de retorno de cociente do 110 por cen.

Ditos plans foron analizados no informe ao orzamento do exercicio 2010.

Non será precisa a presentación do plan de saneamento cando a autorización teña por finalidade a substitución de operacións de crédito a longo prazo concertadas con anterioridade, co fin de diminuír a carga financeira ou o risco de devanditas operacións, deducida da información achegada, recomendandose polo funcionario que subscribe efectuar unha refinanciación de tódala la débeda.



Para ese efecto nos termos sinalados pola Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro con data 27 de novembro de 1998, por esta Secretaría-Intervención **advírtese sobre o risco de manter a actual estrutura de ingresos e gastos correntes**, se ben coas medidas adoptadas no orzamento dase un avance en correxir dita estrutura. Esta Secretaría-Intervención considera necesario unha vez máis como ven advértindo en anos anteriores, vista a escasa recadación por ICIO, que se proceda a aplicar con rigor as taxas e prezos públicos e especialmente en relación ó ICIO mediante a oportuna comprobación administrativa, que modificará, no seu caso, a base impoñible provisional, practicando a correspondente liquidación definitiva tendo en conta o custo real e efectivo dá mesma, e esixindo do suxeito pasivo ou reintegrándolle, no seu caso, a cantidade que corresponda.

Advírtese da necesidade de cumprir as medidas previstas no plan de Saneamento aprobado ó abeiro do Real Decreto-Lei 5/2009, apartado II PLAN DE SANEAMENTO FINANCEIRO, por acordo Plenario de data 24-07.09, no marco do Real Decreto-Lei 5/2009, do 24 de abril, de medidas extraordinarias e urxentes para facilitar ás Entidades Locais o saneamento de débedas pendentes de pago con empresas e autónomos, caso contrario esta Corporación seguirá un marco económico moi crítico ou de colapso, que fará imposible facer fronte ás obrigas económicas adquiridas e futuras; situación que empezou a correxirse co cumprimento do mesmo e medidas adicionais de austeridade do gasto para recuperar un aforro neto de nivel cero ou positivo, á vez que é necesario esforzarse por recuperar os niveis de ingreso corrente de exercicios anteriores.

É necesario sobre as medidas estruturais urxentes e de carácter extraordinario que aprobaronse no Plan de Axuste, acompañalas dunha forte disciplina fiscal, incrementando as medidas de contención/aforro do gasto corrente e a eficiencia no gasto, mediante unha xestión do gasto racional e controlada e actuacións relativas a reducir os gastos correntes, acompañada dunha moderación ou redución dos gastos de inversión, por canto sempre implican gastos de mantemento durante a súa vida útil, recomendándose efectuar unha redimensión



de persoal á baixa, en función das necesidades reais e da carga de traballo de cada área.

É de suliñar as medidas xa adoptadas no marco do Plan Axuste coa modificación das Ordenanzas fiscais e coa redución do gasto corrente tendentes á redución do gasto en enerxía eléctrica e comunicacións do Concello, ou incremento de ingresos correntes, destinando do **POS-2013** ao financiamento de gastos correntes, para dito fin a cantidade de **71.532,36 euros**; ou adicar os ingresos derivados do Fondo extraordinario de apoio aos Concellos da Xunta a gastos correntes, así como o acordo Plenario do 27 de setembro do 2012, polo cal aprobouse adicar a gasto corrente a cantidade de **157.008,22 euros** do **PLAN DTC-94 : UNHA DEPUTACIÓN PARA TODOS OS CONCELLOS.**

Volvése a incidir como o informe dos orzamentos do exercicios 2011 e 2012, que ditas medidas podéanse acompañar dunha política adicional de aforro enerxético, mediante a redución dos puntos de luz a partir dunha hora determinada, redución de potencias ou a redución de material funxible dos servizos, tales como a impresión a dobre cara dos documentos, control das fotocopiadoras introducindo claves personais nas mesmas, aplicación estricta das taxas, en especial a ordenanza reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos, etc.

Tamén é de destacar nese senso o destino da totalidade da cantidade que corresponde a este Concello con cargo ao fondo extraordinario de apoio aos Concellos da Xunta de Galicia a gastos correntes.

Reproducéanse as medidas previstas no Plan de Saneamento Financeiro :

1. Accións programadas para o ano 2009

1.1. Sobre o Capítulo 2 "Impostos indirectos"



Practicar as liquidacións definitivas sobre o ICIO tendo en conta o custo real e efectivo das construcións, instalacións e obras, respecto do que até o momento só se facía a liquidación provisional. Estímase un maiores ingresos anuais por este concepto de 335.000 euros.

### 1.3. Sobre o Capítulo 3 "Taxas e outros ingresos"

a) Mellorar os sistemas de recadación, aplicando con rigor as taxas e os prezos públicos (expedición de documentos administrativos, ocupación de vías públicas, etc). Estímase unha maior recadación por esta acción de 75.000 euros anuais.

b) Establecer a taxa polo servizo de axuda no fogar. Recadación estimada: 25.000 euros anuais.

### 1.4. Sobre o Capítulo I "Gastos de Persoal".

a) A elaboración e aprobación da RPT permite unha mellor ordenación e racionalización dos recursos humanos e a súa adscrición a losservizos municipais. Isto traducirase nunha Redución das horas extraordinarias de 130.000 euros.

### 1.5. Sobre o Capítulo II "Gastos en bens correntes e servizos"

a) Implantar un sistema de control e racionalización de Iso subministracións para obras e servizos, co que se prevé un aforro anual de 130.000 euros.

### 1.6. Para eliminar o déficit de tesouraría anual:

Negociar cos axentes financiadores que as subvencións sexan prepagables.

Reclamar dos axentes financiadores que axilicen os pagos unha vez xustificadas os seus empregos polo Concello.

Instar os axentes para que a planificación da súa política de subvencións teña en conta o aspecto temporal para permitir que no ano natural execútense tanto o gasto como o ingreso.

## 2. ACCIÓNS PROGRAMADAS PARA O ANO 2010



### 1.1. Sobre o Capítulo 2 "Impostos indirectos"

a) Incrementar o tipo do ICIO de forma que se incrementa a recadación en 40.000 euros.

### 1.2. Sobre o Capítulo II "Gastos en bens correntes e servizos"

a) Mellorar e incidir no sistema de control e racionalización das subministracións para obras e servizos, co que se prevé un aforro adicional 42.352.43 euros anuais.

## **8.- INVERSIÓNS.-**

Nos ingresos figuran as achegas previstas do Estado-Deputación Provincial, a través do Plan de Obras e Servizos, anualidade 2013 (139.271,16 €.), dos cales se destinan para financiamento de gastos correntes 71.532,36 euros, sin achega municipal ó P.O.S.-2013 en virtude da modificación das bases reguladoras do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal POS-2013 mediante acordo plenario do 21 de decembro do 2012 coa obra "Ampliación da rede de abastecemento en Cervas, 1ª Fase" por importe de 67.738,80 euros ou a achega para a obra "Reforma pranta baixa edificio municipal para centro municipal de maiores" cunha achega de 12.133,60 euros; e diferentes achegas, como a obra "Soterrado colectores lixo Praza a Rega-Chanteiro", por importe de 26.076,51 euros, ou as achegas correspondentes dos Concellos de Fene e Mugardos para a posta en marcha dos bombeos da EDAR Ares-Fene-Mugardos mediante unha concesión administrativa da xestión de servizo do mesmo estimado nun gasto de 310.000,00 euros.

## **Segundo.- BASES UTILIZADAS PARA A AVALIACIÓN DAS OPERACIÓNS DE CRÉDITO PREVISTAS :**





## **CARGA FINACEIRA**

A carga financeira no orzamento de 2012, á vista da liquidación do exercicio 2011 aprobada por resolución da Alcaldía de 30 de marzo de 2012, cunhos ingresos correntes liquidados ou devengados de **4.693.108,73 €**, quedou (31-12-12), formalizada a operación de préstamo comprendida no Real Decreto-Lei 4/2012 nun **95,94 %**, (**importe total de débeda viva de 1.703.974,26 €+ 2.798.375,26**)

É de suliñar a prohibición da Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro de 27 de novembro de 1998 de producir incrementos da débeda viva bancaria a longo prazo, en tanto en canto non se conquiran cifras de aforro neto positivo.

Como xa se expuso, o Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, T.R.L.R.F.L. (art. 53.2) establece como límite para non solicitar autorización do Ministerio de Facenda ou da Dirección Xeral de Política Financeira e do Tesouro da Xunta de Galicia para as operacións a longo prazo ( tendo en conta operacións vixentes, tanto a corto como a longo prazo) incluíndo o importe da operación proxectada, que o capital vivo non exceda do 110 por 100 dos ingresos correntes liquidados ou devengados no exercicio inmediatamente anterior ou, no seu defecto, o precedente a este último cando o cómputo haxa de realizarse no primeiro semestre do ano e non se haxa liquidado o orzamento correspondente a aquel.

Á vista da liquidación do orzamento do exercicio 2011, cunhos ingresos liquidados por operacións correntes de **4.693.108,73 €**. e o capital vivo previsto : operacións a longo prazo (tendo en conta operacións vixentes, tanto a corto como a longo prazo), a porcentaxe sería do **95,94 %**. sobre un máximo do **110 por 100**, límite para solicitar a preceptiva autorización.

Cabe concluir á vista dos resultados do exercicio 2011, dado que a liquidación do 2012 está sen pechar, que nas principais magnitudes económico-



financeiras e orzamentarias o Concello de Ares mellora a súa situación en tódolos aspectos amosando, a primeira vista unha situación estable e financieramente saneada e cunha execución orzamentaria equilibrada con superávit orzamentario, pero dita situación vese matizada de xeito negativo pola operación de préstamo concertada ao abeiro do Real Decreto-Lei 4/2012, do 24 de febreiro, poñendo ao Concello nunha situación moi preocupante, se ben hai aprobado un Plan de Axuste que da resposta á nova situación, sendo necesario cumprir estrictamente o devandito Plan de Axuste.

**Terceiro.- SUFICIENCIA DOS CRÉDITOS PARA ATENDER AO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS ESIXIBLES E DOS GASTOS DE FUNCIONAMENTO DOS SERVIZOS.**

Por razón dos compromisos e débedas esixibles :

Estímanse suficientes os créditos propostos.

Por razón dos gastos de funcionamento dos servizos :

Os créditos previstos considéranse suficientes para atender o funcionamento dos servizos actuais.

**Cuarto.-** Novamente por esta Secretaría-Intervención volvese en relación as asignacións efectuadas ós grupos políticos aprobada na sesión Plenaria do día 25 de xullo de 2003 e na sesión de xullo de 2007, que de acordo coa Lei 5/1997, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia e esencialmente a Lei 11/1999, de 21 de abril, de modificación da Lei 7/1985, de 2 de abril, hoxe en día recollido pola modificación efectuada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro de Medidas para a



Modernización do Goberno Local, non poderanse destinar ditas cantidades ó pago de remuneración de persoal de calquera tipo ou servizo dá Corporación ou á adquisición de bens que poidan constituír activos fixos de carácter patrimonial; e sen prexuízo de que sexa posta a disposición do Pleno dá Corporación, volve ó igual que no informe ós orzamentos dos anos 2005, 2006, proxecto de orzamento de 2007, 2008, 2009, 2010, 2011 e 2012 a solicitar formalmente ós grupos políticos a contabilidade específica de dotación, contabilidade que a día de hoxe non foi entregada en relación ós anos solicitados.

Insistir novamente na referencia ó Informe do Tribunal de Contas, remitido á Comisión Mixta Congreso-Senado para as Relacións co Tribunal de Contas, dado que en referencia a financiamento público dos Grupos Políticos Municipais, o apartado II do informe do Tribunal de Contas formula unha severa crítica a modificación ademais de fragmentar a unidade normativa en materia de financiamento de Partidos Políticos, coa conseguinte inseguridade xurídica que elo supón, incorpora un elevado marxe de indeterminación no límite cuantitativo desta modalidade de financiamento en cada Corporación Local, xa que soamente contempla a posibilidade de que as sucesivas Leis de presupostos Xerais do Estado establezan un límite, con carácter xeral, limitación que non foi recollida en ningunha dás Leis aprobadas ata agora, e doutro lado non previuse ningún procedemento de fiscalización.

Na súa consecuencia, coas previsións que anteriormente quedan expresadas, coas excepcións efectuadas, logrouse a xuízo do funcionario informante a efectiva nivelación do referido orzamento.”

Seguidamente dase conta do informe do Sr. Secretario sobre estabilidade financeira de data 6 de xaneiro de 2013, que seguidamente se transcribe:

**INFORME DE SECRETARÍA-INTERVENCIÓN DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA PARA O ORZAMENTO 2013.**



**Lexislación aplicable :**

- Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico e P.A C. das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local.
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
- Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia.
- Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financiera.
- Real Decreto Lexislativo 2/2007, do 28 de decembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de Estabilidade Orzamentaria.
- Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento da Lei de Estabilidade Orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais.

**Primeiro.- Aplicación da estabilidade orzamentaria ás entidades locais.**

Conforme sinala a Lei Orgánica 2/2012 reguladora e o regulamento de estabilidade orzamentaria :

**Artículo 3.** Principio de estabilidade presupuestaria.

*1. La elaboración, aprobación y ejecución de los Presupuestos y demás actuaciones que afecten a los gastos o ingresos de los distintos sujetos comprendidos en el ámbito de aplicación de esta Ley se realizará en un marco de estabilidad presupuestaria, coherente con la normativa europea.*

*2. Se entenderá por estabilidad presupuestaria de las Administraciones Públicas la situación de equilibrio o superávit estructural.*

É polo tanto de aplicación o principio de estabilidade orzamentaria na elaboración, aprobación e liquidación dos orzamentos do Concello, polo que estando xa en vigor a citada norma, debe seguirse a regulación sinalada nas citadas normas para a elaboración do orzamento para o exercicio 2013.

**Segundo.- Obxectivo de estabilidade orzamentaria.**



En canto ao dato da estabilidade orzamentaria derivado da liquidación do exercicio 2011, sinalábase no informe específico de data 30-03-2012 :

“CUARTO. O principio de equilibrio orzamentario despréndese da comparación dos capítulos 1 a 7 do orzamento de gastos o os capítulos 1 a 7 de ingresos. O obxectivo de estabilidade orzamentaria identificarase cunha situación de equilibrio ou superávit.

O incumprimento do obxectivo de equilibrio ou superávit levará a elaboración dun Plan Económico-Financeiro de conformidade co disposto nos artigos 19 e seguintes do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa Aplicación ás Entidades Locais.

<b>ORZAMENTO DE INGRESOS</b>	
I	1.187.506,07
II	185.782,67
III	604.354,26
IV	2.585.058,46
V	130.407,27
VI	
VII	501.790,67
TOTAL	5.194.899,40

<b>ORZAMENTO DE GASTOS</b>	
I	2.266.086,61
II	1.837.856,45



III	45.457,45
IV	117.928,24
V	
VI	723.231,23
VII	38.057,06
TOTAL	5.028.617,04

Capítulos I-VII de ingresos - Capítulo I-VII de gastos	+ 166.282,36
Superávit (+) / Déficit (-) non financeiro	

**QUINTO.** Realizados posibles axustes, segue dando sen déficit non financeiro.”

É dicir, o Concello de Ares, en termos individuais, e partindo exclusivamente dos cálculos procedentes da aplicación do Manuel da IGAE e do Regulamento do SEC-95, non presentaba déficit ou necesidade de financiamento.

Tendo en conta a Circular da Secretaría Xeral de Coordinación Autonómica e Local do 22 de maio do 2012, que sinalaba como déficit máximo para non presentar plans económico-financiero de reequilibrio o **4,39 %** dos ingresos non financeiros (Capítulos 1 a 7) da liquidación do orzamento de 2011.

Tendo en conta o anterior, resultarían os esguinces datos :



Total ingresos non financeiros (DRN capítulos 1 a 7)	5.194.899,40 €.
Límite 4,39 % ingresos non financeiros	228.056,08 €.
Axuste liquidación def. participación Trib. Estado 2008 (I)	+ 18.832,56 €.
Total límite co axuste da liquidación da PTE 2008	246.888,64 €.
Necesidade de financiamento (liquidación 2011)	+ 166.282,36
Exceso	Non hai

(I)Ainda que na circular sinaláse que non se inclúe o efecto das liquidacións negativas da Participación nos Tributos do Estado do 2008 e 2009, para concellos de réxime xeral como o de Ares, no 2011 tan só se descontaron 18.832,56 €. Correspondentes á participación dos tributos do Estado correspondentes a 2009 no exercicio 2012, polo que non se tivo en conta no axuste.

Tendo en conta o dato positivo non foi necesario a presentación dun plan económico-financiero de reequilibrio conforme se sinalaba la Lei de Estabilidade Orzamentaria, ademais de requerir autorización da Consellería correspondente da Xunta de Galicia para a concertación de operacións de endebedamento.

### Terceiro.- Cuantificación da estabilidade orzamentaria no orzamento 2013.

En canto ao orzamento do 2013, presenta no presente exercicio, con relación nao aprobado inicialmente polo Pleno para o exercicio 2011, as seguintes variacións :

	Orzamento 2013	Orzamento 2012	Diferenza
Capítulos 1 a 7 ingresos	4.989.051,74	4.543.548,47	+ 445.503,27
Capítulos 1 a 7 de gastos	4.729.430,10	4.325.060,47	+ 404.369,63
Diferenza (Estabilidade Orzamentaria)	259.621,64	218.488,00	+ 41.133,64

Non proceden os axustes que se sinalan na liquidación do orzamento considerando que estes axustes xurden exclusivamente do resultado da liquidación do orzamento, polo que inicialmente o orzamento presenta estabilidade orzamentaria..

### Cuarto.- Teito de gasto.



En canto ao teito de gasto aprobado polo Pleno na sesión plenaria do día 25-10-12 cunha contía moi restrictiva de 4.077.067,00 €, remítome ao informe desta Secretaría-Intervención elaborado a tal efecto de data 22-10-12, dado que o Concello de Ares está suxeito a un Plan de Axuste moi ambicioso e duro, habendo xurdido a posteriori a necesidade de facer fronte ao servizo de bombeos da EDAR Ares-Fene-Mugardos, creándose a tal efecto unha Comisión mixta de coordinación para a xestión compartida do servizo de bombeos : Actuacións de saneamento na zona norte sa ría de Ares e na zona sur da ría de Ferrol "EDAR". cuns ingresos e gastos estimados anualmente de 310.000,00 €.

TEITO DE GASTO	Pleno 25-10-12	Orzamento 2013
Previsións de ingresos 2012		5.054.063,74
Gasto Financiero (Cap. 3 e 9)		573.453,64
	4.077.067,00	4.480.610,10
Xestión bombeos EDAR		310.000,00

Arroxaría en relación ao teito de gasto aprobado na sesión plenaria do 25-10-12 unha diferenza de **93.543,10 €**.

Isto pode implicar unha modificación implícita do límite do gasto non financeiro aprobado na devandita sesión plenaria do día 25-10-12. Cabe sulñar que toda a normativa sobre o teito de gasto é moi recente e está pendente de desenvolver para a concreta aplicación, pero non se prevén desaxustes significativos do orzamento 2013.

## CONCLUSIÓN

Cómprese polo tanto o principio de estabilidade orzamentaria, á marxe dos axustes que procedan da liquidación dos orzamentos conforme a normativa SEC -95 e a aprobación do presente orzamento leva implícita a modificación do teito de gasto para 2013."

Dase conta do informe Adicional o Informe Económico Financeiro 2013, que seguidamente se transcribe:

## INFORME ADICIONAL





## **AO INFORME ECONÓMICO-FINANCIERO 2013**

En relación ao apartado segundo : Bases utilizadas para a avaliación das operacións de créditos previstas, faise a seguinte engadido en base ás Disposicións Adicional septuagésima terceira e Final trisexima primeira da Lei 17/2012, de 27 de decembro de orzamentos xerais do Estado para 2013.

### **Septuagésima terceira. Refinanciación de operacións de crédito.**

Uno. Como excepción a lo dispuesto en la disposición final trigésima primera de esta Ley, se autoriza la formalización de operaciones de refinanciación de operaciones de crédito a largo plazo concertadas con anterioridad a la entrada en vigor del Real Decreto-ley 4/2012, de 24 de febrero, por el que se determinan obligaciones de información y procedimientos necesarios para establecer un mecanismo de financiación para el pago a los proveedores de las entidades locales, siempre que tengan por finalidad la disminución de la carga financiera, la ampliación del período de amortización o el riesgo de aquellas operaciones, respecto a las obligaciones derivadas de las pendientes de vencimiento.

En las anteriores operaciones se podrán incluir las formalizadas en aplicación del Real Decreto-ley 5/2009, de 24 de abril, de medidas extraordinarias y urgentes para facilitar a las Entidades Locales el saneamiento de deudas pendientes de pago con empresas y autónomos. No se podrán incluir en la citada refinanciación las operaciones formalizadas en aplicación de los artículos 177 y 193 del texto refundido de la Ley reguladora de las Haciendas Locales, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Para la formalización de las operaciones de refinanciación citadas será preciso la adopción de un acuerdo del órgano competente de la corporación local, con los requisitos de quórum y votaciones establecidos en la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local.

Además, en el caso de que las entidades locales presenten ahorro neto negativo o endeudamiento superior al 75 por ciento de sus ingresos corrientes liquidados en el ejercicio inmediato anterior en los términos definidos en la disposición final trigésima primera de esta Ley, las corporaciones locales, mediante acuerdo de sus respectivos Plenos, deberán aprobar un plan de saneamiento financiero o de reducción de deuda para corregir, en un plazo máximo de tres años, el signo del ahorro neto o el volumen de endeudamiento, respectivamente.

Los citados planes deberán comunicarse, para su aprobación, por las entidades locales al órgano competente del Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas, salvo que la Comunidad Autónoma correspondiente tenga atribuida en el Estatuto de Autonomía la tutela financiera de dichas entidades, en cuyo caso se comunicará a ésta.

El interventor de la entidad local deberá emitir un informe anual del cumplimiento de estos planes, y presentarlo al Pleno de la corporación local para su conocimiento, y el correspondiente al último año de aquellos planes deberá, además, remitirlo al órgano



competente de la Administración Pública que tenga atribuida la tutela financiera de las entidades locales.

En el caso de que se produzca un incumplimiento de los citados planes, la entidad local no podrá concertar operaciones de endeudamiento a largo plazo para financiar cualquier modalidad de inversión. Además, por parte del órgano competente de la Administración Pública que tenga atribuida la tutela financiera de las entidades locales se podrán proponer medidas extraordinarias que deberán adoptar las entidades locales afectadas. En el caso de que por éstas no se adopten dichas medidas se podrán aplicar las medidas coercitivas y de cumplimiento forzoso establecidas en los artículos 25 y 26 de la Ley Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidad Presupuestaria y Sostenibilidad Financiera.

Dos. Se deja sin efecto desde el día 1 de enero de 2013, y con carácter indefinido, el apartado Tres del artículo 14 del Real Decreto-Ley 8/2010, de 20 de mayo, por el que se adoptan medidas extraordinarias para la reducción del déficit público.

**Trigésima primera. Modificación del Real Decreto-Ley 20/2011, de 30 de diciembre, de medidas urgentes en materia presupuestaria, tributaria y financiera para la corrección del déficit público.**

Con efectos de la entrada en vigor de esta Ley y vigencia indefinida, la disposición adicional decimocuarta del Real Decreto-Ley 20/2011, de 30 de diciembre, de medidas urgentes en materia presupuestaria, tributaria y financiera para la corrección del déficit público, queda redactada como sigue:

«Las Entidades Locales y sus entidades dependientes clasificadas en el sector Administraciones Públicas, de acuerdo con la definición y delimitación del Sistema Europeo de Cuentas, que liquiden el ejercicio inmediato anterior con ahorro neto positivo, calculado en la forma que establece el artículo 53 del Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, podrán concertar nuevas operaciones de crédito a largo plazo para la financiación de inversiones, cuando el volumen total del capital vivo no exceda del 75 por ciento de los ingresos corrientes liquidados o devengados según las cifras deducidas de los estados contables consolidados, con sujeción, en su caso, al Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales y a la Normativa de Estabilidad Presupuestaria.

Las Entidades Locales que tengan un volumen de endeudamiento que, excediendo al citado en el párrafo anterior, no supere al establecido en el artículo 53 del Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, podrán concertar operaciones de endeudamiento previa autorización del órgano competente que tenga atribuida la tutela financiera de las entidades locales.

Las entidades que presenten ahorro neto negativo o un volumen de endeudamiento vivo superior al recogido en el artículo 53 del Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, no podrán concertar operaciones de crédito a largo plazo.



Para la determinación de los ingresos corrientes a computar en el cálculo del ahorro neto y del nivel de endeudamiento, se deducirá el importe de los ingresos afectados a operaciones de capital y cualesquiera otros ingresos extraordinarios aplicados a los capítulos 1 a 5 que, por su afectación legal y/o carácter no recurrente, no tienen la consideración de ingresos ordinarios.

A efectos del cálculo del capital vivo, se considerarán todas las operaciones vigentes a 31 de diciembre del año anterior, incluido el riesgo deducido de avales, incrementado, en su caso, en los saldos de operaciones formalizadas no dispuestos y en el importe de la operación proyectada. En ese importe no se incluirán los saldos que deban reintegrar las Entidades Locales derivados de las liquidaciones definitivas de la participación en tributos del Estado.

Las Entidades Locales pondrán a disposición de las entidades financieras que participen en sus procedimientos para la concertación de operaciones de crédito, el informe de la Intervención local regulado en el apartado 2 del artículo 52 del Texto Refundido de la Ley reguladora de las Haciendas Locales, en el que se incluirán los cálculos que acrediten el cumplimiento de los límites citados en los párrafos anteriores y cualesquiera otros ajustes que afecten a la medición de la capacidad de pago, así como el cumplimiento, en los casos que resulte de aplicación, de la autorización preceptiva regulada en el artículo 53.5 de la citada norma y en el artículo 20 de la Ley Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidad Presupuestaria y Sostenibilidad Financiera, pudiendo las entidades financieras, en su caso, modificar o retirar sus ofertas, una vez conocido el contenido del informe.»

Aberto un turno de intervencións toma a palabra o voceiro do BNG Sr. Mesias Farías: Bo día a todos e a todas, nos queremos facer algunhas consideracións sobre este proxecto de orzamento de 2013, pero antes vamos a pedir o Sr. Secretario que conste en acta o do punto anterior, porque nos entendemos que unha emenda como no punto anterior pode presentarse en calquer momento e está obrigado a deixar votala, nos queremos que conste en acta que non se deixou votar. Bueno pois sobre o procedemento nos detectamos varias irregularidades na convocatoria-desconvocatoria deste Pleno, eu lle recordo o Sr. Secretario que ó meu entender hai tres tipo de convocatorias de Pleno, a que é ordinaria, a que é extraordinaria, e a que é urxente, ordinaria é a que a principios de mandato acordamos poñer data e hora, e dicir o último xoves de cada mes as dez da mañá, todo o que non sexa isto será extraordinaria ou urxente, polo tanto esta deberá ser como o manifestamos na Xunta de voceiros, deberá ser extraordinaria.

A documentación estaba incompleta incumprindo o que prescribe a Lei, nos fumos á Comisión Informativa de Facenda, sen o informe de Secretaria e aínda onte se nos entregaron as actas dos Plenos que viñeron a aprobarse hoxe, a convocatoria no la deu a policía local in extremis o venres pola tarde e falta por determinar o Decreto da Xunta pola aplicación do prezo público da asistencia no fogar, polo tanto aquí na



practica o que se demostra é que hai unha falla de interés total no debate, a respecto das contas municipais. Por certo nos presentamos un escrito dirixido o Secretario-Interventor onte sobre que o proxecto de orzamentos non viña acompañado polo informe asinado pola Alcaldía, no capítulo de ingresos que se están a consignar como tales o resultado de ter aplicado a noso entender as taxas de prezo público por axuda no fogar e queremos preguntar o Sr Secretario, se respostou a estas preguntas.

En relación coas bases de execución denuncia o Sr. Interventor sobre o excesivo número de convocatorias dos órganos de goberno, hai que criticar as asistencias as Xuntas de Goberno, e coordinación as areas de PXOM, non hai ponderación en relación co que se cobra por asistencia a outros órganos de goberno (Pleno, e comisión informativas). Dezaseis traballadores de persoal laboral temporal, 236.326,40 euros, gastos de órganos de goberno 318.417,00 euros máis o que xa falaremos do contrato ese de cultura, con respecto a asignación dos grupos municipais a única que está regulada e obxetivada por Lei no seu reparto temos que sulañas que baixa de 23.865 euros consignados no 2012 ata os 15.000 que se poñen para este ano, nos estamos pola redución de custos dos cargos públicos claro que sí, e máis nos xa fixemos unha proposta na que fumos o único que grupo que propuxo a principio deste mandato facer unha proposta para baixar as Comisións Informativas que ían a supoñer un aforro considerable ó longo do ano, pero non pode ser que o goberno municipal logre baixar as asignacións dos grupos, logo de baixar as asistencias as Comisións Informativas manteñan intactos os seus ingresos (exclusivas e parciais e persoal de confianza) e mesmo o suba, como é o caso de Luis e de Juan, mentres o resto se nos fai unha notable rebaixa. Sobre o capítulo de ingresos, sobre o capítulo do 2011, que é o último a liquidar a previsión de ingresos veña representando unha medida de 27,58 en impostos o 23,48 en taxas, 47,39 en prezos públicos, 55,77 en multas, mentres como é lóxico baixan as transferencias das Administracións nun 22,79 por cento; no capítulo de gastos se destinas 320.633,74 euros para pagar a debeda que contrae o PSOE no seu mandato, que ven sendo máis que o custo do investimento orzamentado 287.772,26 euros, advertencia de Intervención do risco de manter o actual sistema de ingresos e gastos correntes, a debeda viva recoñecida e de 4.502.349,52 euros, e sendo o orzamento de 5.054.063,74 euros, estamos ante un 89% do presuposto, tendo en conta que xa sabemos como van as contas e que se orzamentan nos ingresos.

Subvencións nominativas: O goberno municipal evita a utilización do Regulamento de Subvencións que está en vigor, respecto da concesión de subvencións a entidades, e converte situación excepcionais, subvencións nominativas en norma, por certo Sr. Concelleiro de Cultura, aínda non nos deu conta en comisión como llelo



pedin reiteradas veces das subvencións a entidades do exercicio pasado, logo de pedirlo nos reiteradas veces, detectamos que no informe do Interventor non se fai mención a que existe e resulta vinculante e de obrigado cumprimento ó devandito regulamento, temos un regulamento, sería asumible que o conxunto dos grupos municipais nunha situación excepcional aprobásemos consensuadamente unha achega pero aquí temos o que son prioridades que marca exclusivamente o Sr. Alcalde e o Grupo de goberno, non parece de recibo que algún evento que vai a durar un so día leve tres veces máis que toda a programación anual dunha entidade do Concello, alucinante 17.600 euros repartense por disposición libre, e canto queda para repartir polo regulamento.

En canto a persoal nos pedimos que se nos aclare a praza de Tesourería, pedimos o Sr. Secretario que informe da metodoloxía para a dotación desta praza. Sería condición indispensable a convocatoria da praza de Intervención, levamolo dito durante moitos anos e estamos a ver agora o que resulta de que non tiñamos un Interventor, e impresentable que se diga por unha banda que hai colapso de traballo como dí o Sr. Secretario-interventor, e por outra banda a mesma persoa teña concedida a compatibilidade noutro Concello, haber se estamos ata as orellas de traballo como é que se lle concede a compatibilidade para traballar noutro Concello.

Sr. Alcalde, se permites un momento, as críticas as dirixes ó órgano de Goberno, O Alcalde.

Sr. Mesias Farias: non se pode manter o volumen de custo económico de adicacións do grupo de Goberno e persoal de confianza tendo en conta a situación económica, e menos presentable aínda e manter como persoal de confianza a persoas involucradas no fraude do censo, manter tamén o contrato de asistencia de cultura, veremos a ver cales son as suas funcións, non se aborda nin polo mínimo o tema da RPT, política de persoal continuista, e explicame o que ven na memoria explicativa da Alcaldía no respecto de que a Consellería de Medio Ambiente Territorio e infraestrutura deixa de facer, unha achega de 19118,88 euros para a elaboración do PXOM, queremos saber como afecta isto ó cronograma, polo de agora nada máis moitas grazas.

O Sr. Secretario solicita a palabra o Sr. Alcalde, por este concedeselle.

SR. Secretario: Sr. Voceiro do BNG, o informe meu económico financeiro si está feito do día 08-01-2013, e colgado en xestiona, senón pode facer unha proba pericial, e a Xunta de Voceiros foi o día 10.



Sr. Mesias Farías, nos referimonos á documentación incompleta, non o que estaba colgado en xestión, que sabemos o que estaba colgado en xestión, pero vostede sabe que hai documentación incompleta, porque despois da Comisión de Facenda, cando foi a xunta de voceiros, aínda me entregou a min vostede o informe da Alcaldía, si ou non.

Sr. Secretario, si a Memoria.

Sr. Mesias Farías, entón estaba a documentación incompleta, non se pode dictaminar unha cousa cando falla documentación, e ademais aínda se nos entregou, a nos onte as actas deste Pleno.

Sr. Alcalde, estiveron enriba da mesa na Xunta de Voceiros se non as colliche foi porque non quiseche, a Facenda so foi o orzamento, as actas foron á Xunta de Voceiros, entón claro se vamos a unha Xunta de Voceiros a ter unha actitude pasiva a que o Alcalde diga o que vai o Pleno, esta a documentación enriba da mesa, como vedes eu a collo e a miro, cando hai unha moción vosa eu a leo.

Sr. Mesias Farías, o Sr. Secretario sabe que non se nos entregou a documentación.

Sr. Secretario, efectivamente hai un defecto, sobre este tipo de defectos os Tribunais veñen sendo permisivos, sobre defectos de forma non de fondo, polo principio da doutrina de conservacións dos actos e a unidade procesal cando o resultado dun acordo fose a ser o mesmo que faltando ese defecto, se valida.

En terceiro lugar sobre o meu colapso, eu estou indo polas tardes e fines de semana, eu vou a Cedeiro cando podo fora da miña xornada, eu fora da miña xornada fago o que eu queiro, e aínda así veño a aquí polas tardes sabados e domingos, eso ten dúbida ou non.

Sr. Mesias Farías, me acaba de recoñecer que non estaba o documento.

Sr. Secretario estaba feito pero non estaba o Sr. Alcalde para asinalo, o básico da documentación é o orzamento.

Sr. Mesias Farías, pero tan difícil será facer as cousas ben.



Interven o Voceiro do Partido Popular, Sr. Sixto Galiano: Non me quero meter neste tema, pero si que é certo que a documentación, se nos deu tarde mal e fora de prazo, vamos a ver o Informe Económico do Sr. Secretario Interventor, sinala e destaca que o Concello de Ares está o borde do colapso e nunha situación moi preocupante, sendo necesario cumprir exactamente o Plan de Axuste que no seu día se acolleu o Concello de Ares, consideramos que o marxe destes presupostos que están enriba da mesa está limitado polo Plan de Axuste do Real Decreto Lei 4/2012 o que o Concello se acolleu o solicitar unha cantidade de dous millóns setecentos mil euros para o pago a provedores, esto vai a ser o 54% do presuposto anual, que ascende a algo máis de cinco millóns de euros. Polo tanto o orzamento que vamos a aprobar está encasillado neste Plan, pero estes dous millóns setecentos mil euros, é o que ten o Concello de Ares de facturas sen pagar do ano 2007 ó 2011, este é un lastre que vamos a levar, no ano 2014 no 2015, cando xa non paguemos intereses e teñamos que pagar o crédito, polo tanto o responsable destas facturas impagadas, perdón pagadas con este diñeiro que se mete no presuposto, é Vostede e a súa corporación, desde o 2007 ata o 2011, aquí houbo un dispendio de gasto, agora si que está controlado, agora se pode controlar, e antes non se controlaba, e este é o lastre que temos, está é a herencia dunha lexislatura e media, polo tanto o Real Decreto o cal facemos alusión que é o 4/2012, estable unhas directrices moi claras e nos da tres vías para funcionar; unha subir a presión fiscal via impostos, segunda vía eliminar persoal, e a terceira que sería a máis loxica que é subindo un pouco os impostos e eliminando persoal, e vostede se inventa unha cuarta vía, que é o aumento brutal da presión fiscal e aumentar persoal co informe negativo do Sr. Secretario-interventor, a saber a praza de Auxiliar de Policía que según a Lei di que ata o 2015, quitando forzas e Corpos de Seguridade do Estado, Bombeiros e algo urxente, non se pode crear emprego público, o marxe deste que ven aquí, crea outra praza Auxiliar da Casa da Xuventude, unha praza urxente, obsexa están dicindo que temos que retraer gasto, para atender a Casa da Xuventude temos bastantes auxiliares neste Concello que temos 47 empregados, hai bastantes auxiliares que poden dinamizar, optimizar e regularizar, eso é o que hai que facer. Estamos nun concello dos mais endebedados da provincia e so metemos máis asesores, mias traballadores e mais coordinadores, porque eu levo aquí ano e medio e todavía non vin o Asesor de Cultura non sei quen é, para que necesita Ares un Asesor da Cultura, o do Asesor de Urbanismo xa é de traca, un asesor de urbanismo para que, un coordinador de urbanismo para que, unha secretaria Asesora de prensa, pero esto que é, Fene non ten ningún Asesor, Mugaros non ten ningún Asesor, aquí polo tanto a línea que colleu é aumentar impostos e cubrir máis persoal, que neste Concello non se necesita. Por outra banda aquí fiscalizar o gasto corrente da Alcaldía é imposible, nos



diron todo esto tocho do ano 2011, esto teóricamente o tiñan que dar mensualmente xunto coas Resolucíons da Alcaldía, aquí as Resolucíons si pero as de gasto ningunha, e falta por entregar todo o ano 2012, en conclusión este Concello xunto con Miño no tramo dos de 5000 habitantes é o máis endebedado, non é viable non é sostible no tempo, e hai que recortar gastos en persoal en varios sectores, este pobo non ten un pulmón industrial, este pobo vive do IBI e pouco máis , non se pode ter tanto asesor que non o ten ninguen, soamente o temos o pobo de Ares, no momento máis alto da crise, temos os orzamentos co máior número de persoal de toda a historia de Ares, dito esto e por último vexo que falla unha partida que eu lle din voltas e non a dina topado por ningún lado, aínda que cuantitativamente non é moi significativa politicamente si, e me refiro a que fai referencia a paga extraordinaria do 2012, que neste Concello soamente a cobraron 3 empregados o Sr. Alcalde e 2 Concelleiros que teñen adicación, soamente o cobraron 3 empregados no 2012, eso si lle honra que as interpelacións do Partido Popular no pleno do mes de outubro tanto nos medios públicos, lle honra digo que lle honra que salga vostede o paso dicindo que o vai a utilizar nunha obra social, home eu estou mirando aquí a partida e non vexo que obra social non a vexo por ningún lado, moitas grazas.

O Sr. Alcalde Presidente, manifesta que en canto os temas de documentación tivemos Xunta de Voceiros, Comisión de Facenda, e hai puxemos de manifestó que o Pleno se ía a convocar o venres, a Comisión de Facenda foi o orzamento un documento estaba subido o xestiona, efectivamente constaba no xestiona e en todo caso o documento tiña todo o seu contido faltaba a miña sinatura porque eu estaba fora, pero o documento co seu contido estaba ahí, e en calquer caso cando teñen que estar e con coarenta e oito horas de antelación a celebración do Pleno, o Pleno foi martes e esto estivo o venres, e dicir non so foi a Facenda e a Voceiros senón que ademáis 48 horas antes do Pleno estaba alí, as actas estaban na Xunta de Voceiros enriba da mesa, na xunta de voceiros se pon toda a documentación enriba da mesa, quen a quere ver a ve e que non a quere ver non a ve, alí estaban as actas as que vostedes aluden que se lle entregaron tarde. En canto o tema do orzamento evidentemente a pesares dos tempos difíciles que vivimos en Ares nos decidimos facer cousas, non collimos boa situación pero decidimos facelas, fixemos unha gardería, fixemos unha Galescola, fixemos unha piscina, fixemos un elenco de actividades deportivas en Pedrós, dun Parque Infantil subimos a oito, fixemos unha praza de Igrexa que non había praza para Festas, executamos a Xunqueira porque hai que protexela, dotamos de escaleiras moitísimas praias, fixemos moitísimos proxectos moitísimos, e nese sentido seguimos tendo loxicamente ese compromiso, levar o auga a Chanteiro, levar o auga a Cervás,





levar o auga a Lubre, efectivamente pola zona de Loureiros, asfaltamos moitos camiños, so había que ver como estaba o Mazote cando chegamos a subida á Avda. da Paz, e efectivamente moitos camiños urbanos, e certo que efectivamente executamos moitísima obra e hai que pagala, e nos a vamos a pagar, nos loxicamente nos orzamentos facemos xestión, e esa xestión efectivamente é responsabilidade nosa e as obras están ahí evidentemente, e esas obras noso compromiso e diseñar orzamentos sostibles que permitan pagalas e seguir executando obras como vamos a seguir, efectivamente os rapaces estaban tiradas na rúa, e agora teñen unha Casa da Xuventude, pero non poden estar na Casa da Xuventude sen actividades por eso se necesita unha persoa, que lles de actividade, logo nos queixamos de que andan con drogas e de que andan tirados por ahí, cando efectivamente non facemos ningún tipo de política activa para eles, pois polo menos efectivamente hai unha casa da xuventude na que poden estar, non teñen estar nos pinos chovendo, ou sentados nas escaleiras sen nada, teñen alí actividades e nese sentido os servicios públicos claro que costan diñeiro, hai partidos que prefiren externalizar e facer negocio con empresas privadas e hai gobernos de esquerdas que prefiren dicir que esto e municipal e prefiren ter persoal municipal para mantelo, porque si efectivamente queremos crear eses servicios pois está claro que eses servicios hai que financiarlos, todo o facemos dentro da lei, a lei nos permite endebedarnos ata o 110% do orzamento, non estamos endebedados o 110% poderíamos estalo que é legal, pero non estamos, estamos no 84%, efectivamente estamos dentro dos canones normais de xestión, dentro da xestión que se nos permite, se permite endebedarnos o 110% non estamos o 110% debemos 4,5 millóns, e temos de orzamento un millón máis, entonces non estamos xestionamos dentro da Lei, a lexislación nos permite facer o que facemos, e decidimos xestionar así, porque sí, porque somos de esquerdas, porque somos Socialistas, porque creemos na empresa pública porque creemos nos servicios de titularidade pública porque creemos que a Administración ten o seu papel que non hai que non que adelgazala que non hai que destruíla, que non hai que eliminala, para que non entre empresas a facer as mamografías que o PP saca efectivamente da Seguridade Social, os análisis clínicos que o PP saca da Seguridade Social pois claro que non que non estamos a favor de eliminar administracións e por suposto non estamos a favor de despedir a ninguén nestes tempos e polo tanto vamos a defender todos os postos de traballo que podamos e pos suposto ogalla poidamos crear mais, agalla teñamos diñeiro para seguir xenerando emprego na situación na que estamos.

Respecto das extras, a cobraron todos os traballadores os que o Partido Popular non lle a quitou, non a quitou a quen efectivamente non é funcionario e non a



quitou a quen non chegaba a un determinado nivel de renda, e dicir en Ares cobraron a paga extra todos os traballadores a quen o Partido Popular non lle a quitou, e evidentemente creo que eran 4, entonces efectivamente hai unha traballadora do Concello a que o PP tampouco lle quitou a extra e que tamen a cobrou, evidentemente esto foi obxecto dunha reunión da FEMP onde os Alcaldes de esquerdas dicidimos non someternos máis ás disposicións do Partido Popular, eu non teño porque obedecer as disposicións políticas, as disposicións políticas efectivamente que non comparto dun partido político o que efectivamente non pertenezco, en consecuencia se os Alcaldes Populares non cobran a extra e a donan para o que lles da a gana, pois é porque lles caería a cara de vergoña cobrar, sendo eles os que efectivamente quitaron a extra, o partido Socialista non lle quitou a extra a ninguen, en consecuencia na FEMP nunha reunión se dixo que non soamente deberían de cobrala todos os traballadores que teñen dereito a ela, e decidin pagar as pagas extras a todos os traballadores os que o PP non lle a quitou, os que teñen dereito, porque para renunciar a elas que renunciem os do PP, eu non teño efectivamente porque seguir esa disposición, e ademáis a aqueles os que o PP castigou sen extra buscamos unha formula para anticiparlle a de xuño, e en xuño anticiparemos a de decembro, e en decembro anticiparemos a de xuño do ano que ven, e buscaremos esa formula, e efectivamente esta claro que é legal porque na reunión da FEMP se informou que eso era legal, e efectivamente foi o que se fixen e san se acabou e punto, e ademáis eso implica a partir de agora o exercicio efectivamente dunha resistencia, desde o goberno de Ares vamos a resistirnos vamos a revelarnos, vamos a poñer o grito no ceo fronte as políticas do Partido Popular, estamos hartos de someternos a unha política de recortes que o único que fai e castigar as clases máis desfavorecidas, os traballadores, os pensionistas, as mulleres maltratadas, os estudantes, os pacientes, absolutamente a todo o mundo, estamos hartos, e de que non se toque nin un peso as rendas máis altas, e efectivamente os beneficios empresariais, as rendas máis altas e os beneficios empresariais non se lles pide ningún esforzo para saír desta crise, e en consecuencia efectivamente isto é política e nos vamos a facer política, por suposto transparente e pública e vos a criticades e tedes a prensa e vosos boletíns e a xente que xulgue e se nos quere seguir votando e se quere votar outras opcións pois votará outras opcións, pero é así como gobernamos e como vamos a seguir gobernando, e estes son os nosos orzamentos os funcionarios aquí grazas a deus, e é un obxectivo fundamental fan o que nos dicimos porque ese é o noso obxectivo fundamental, noso obxectivo fundamental é que haxa orde, e que a xente cumpra, nos cumprir, executar efectivamente os nosos presupostos, é así, entonces o Secretario é inxusto que un grupo política teña o valor de vir aquí a un Pleno a poñer a parir a un traballador, o



responsable político son eu, e se vai a Cedeira e porque eu asinei e o autorizo ir a Cedeira, entonces nese sentido me parece totalmente inxusto ademáis que fagades uso de conversacións que tedes no ámbito político e de maneira totalmente privada, me parece inxusto que un Portavoz do BNG suba xunto do Secretario, por suposto podeades subir cando queirades, eu cando estaba na oposición tiña os martes de 8 a 9 de mañá, co anterior Alcalde, subides cando queirades, estades con el, eu o necesito chamo e espero, e aínda por riba que os atende facedes uso de conversas que tedes con el, e de traca, é dun mal gusto brutal.

Fixadas as posicións abrese un segundo de intervencións.

Interven o Voceiro do BNG Sr. Mesias Farías, non vou a incidir máis no da falta de documentación porque non estaba todo no xestiona, segundo puxeron onte, non faga demagogia co tema das drogas, con respecto as cantidades que vostede manexa non temos un millón de euros máis nos orzamentos que a debeda viva, estamos co 89%, outra cousa con respecto o da paga extra, isto é de traca, mire nos dixemos aquí nun Pleno que os gobernos do BNG ían a pagar a paga extra os funcionarios, e aquí dixose que non, incluso a persoa que o dixo que o goberno municipal de Pontevedra do Alcalde Lores, dixo que a ía pagar e que non a pagara, entonces sabemos que si a pagou, e todos sabemos que houbo goberno do BNG que si a pagaron, vostede non lle vai a pagar a paga extra os traballadores como esta dicindo, vostede esta mintindo a paga extra de decembro do 2012 non a van a cobrar, o que van a cobrar e un adianto da paga extra de verán, non a paga extra de decembro de 2012 que vostede a cobrou, e non digo si vostede a ten que cobrar ou non, o que me parece unha falla de respecto grave e enorme e que aquí no Pleno onde estamos a representación dos veciños e veciñas de Ares, vostede diga públicamente que vai a donar a paga extra en soliedariedade cos traballadores que lla quita o PP, e a miña paga extra e a dos Concelleiros a vamos a donar, e eso non o fixo, eso é mentir vale, e vostede non ven aquí a falar de persoal, que é eso de dicir que non vai votar o persoal, o persoal o tera que votar desgracidamente para eles, pero é unha cuestión que tera que facer vostede cando vote as contas, porque a verdade é que aquí hai máis persoal do que se necesita, é unha cuestión que vostede decidiu contratar, non por necesidades, e a mín non me diga nada de cómo utiliza vostede os cartos, porque os órganos de goberno constan 330.000 euros, cincuenta e cinco millóns de pesetas ó ano, (o seu salario, o salario das adicacións, o persoal eventual, asesores, os gastos sociais, telefonía móvil, os gastos de protocolo, as dietas, a locomoción, aparcamento e autopeaxe) cincuenta e cinco millóns das antigas pesetas o ano, e vostede me dice que é socialista, entonces



haberá que darlle outra volta á teoría, porque aquí non entendo nada, como se poden gastar cincuenta e cinco millóns de pesetas por este concepto.

Sr. Alcalde, ¿os cobro eu todos?.

Sr. Mesias Farias, non, eu xa lle dixen que non me ía a meter co que cobra vostede ó ano, porque ese non é o tema, aínda que a vostede lle gusta discutir dese tema e así o facía con Manuel Cendán, pero ese non é o tema, o tema non é o cobra o Alcalde, o tema é no que nos salen os órganos de goberno, e hai están vostede, os Concelleiros con adicación exclusiva e máis todo aquel persoal de confianza, e eso é o aque hai que mirar, e vostedes non están por eso. E con respecto as contas que quere que lle diga, vostede incrementa a presión fiscal sobre os veciños e veciñas de Ares, nos esta facendo pagar máis en taxas e prezos públicos, porque se someteu a un Plan de Axuste dunha debeda contraída por vostede, co cal lle vamos facer pagar os veciños os seus excesos, e as obras se poden facer se hai cartos, e se non hai cartos, non se poden facer, non é unha boa xestión endebedarse ata as orellas para facer unhas obras, eso non é unha boa xestión, porque o igual que nunha economía familiar o que non se pode facer e gastar en ir de vacacions, e logo pedir un crédito para comer que é o que estamos a facer, entonces eu pido que aquí se tome con seriedade a económica, porque vostede o final vai a pasar o que pasou con Manuel Cendán logo de 10 anos se vai a ir de rositas, e isto non pode ser, aquí o que se necesita e mirar polo diñeiro que é de todos, e eu o critico dos traballadores, non é os traballadores en sí, senón que é a maneira que teñen de traballar, todos recoñecemos que están mal dirixidos e non hai unha organización, e eso non o digo eu, o digo eu e o din todos os traballadores. E con respecto as conversas entre eu e o secretario, non era unha conversa privada.

Toma a palabra o voceiro do Partido Popular Sr. Sixto Galiano: Cando queiramos falar de política nacional, facemos un foro nas Alianzas e falamos de política nacional, de todas maneiras algo haberá que agradecerlle a quen está gobernando xa que nos facilitou dous millóns setecentos mil euros para pagarlles os provedores que estaban chorando ahí, na porta do Concello, xente que estaba chorando porque non lles pagaba, grazas a este pago extraordinario a provedores xa non choran diante da Alcaldía, que o vine eu. O da obra social, unha media verdade é unha dobre mentira, como que os traballadores de Ares van a cobrar a paga extra, non non, a paga do 2012 non a cobraron nin eu tampouco, vostede si que a cobrou, o que podía facer era donala a obra social e despois pedir un adiante da paga extra do 2013 vostede, done



como ia donala para unha obra social e pida un adianto da de 2013; aquí fixemos a piscina fixemos obras o sabemos todos porque esto non se fai en dous anos, e con respecto o tema que dixo vostede da droga, se hai tanta vostede impulse a que a Policia pasee moito máis polo Parque Rosalía, que pasee moito máis por alí, que entrevisteste á xente, que alí esta a droga, non na Casa da Xuventude, a Casa da Xuventude parece que toda xuventude de Ares vai a ir alí, vai un porcentaxe infimo, se é tan importante a Casa da Xuventude elimine Asesores e cree outra casa da xuventude, non é que teña que eliminar traballadores, e que estamos diante do Concello que máis asesores ten de toda a provincia, somos o máis asesorado o máis coordinado e o máis endebedado non pode ser así, podemos chegar o 110% pero como podemos chegar o 110%, se vou nun barco de cargo e podeido chegar ata 200 toneladas para que se hunda pois non, estos presupotos nin este ano nin os seguintes nos podemos mover para ningún lado, non podemos invertir nada, non podemos desenrolar nada salvo que sexa o IBI ou subvencións, o tema dos Asesores que non quere votar a ninguen o pagará o pobo via impostos, carga fiscal así o dicia o Plan de Axuste, o plan de Axuste lle recomenda ponderar entre subir carga fiscal e restar persoal, ou senon elimine persoal ou suba impostos que foi o que fixo vostede, pero a maiores contrata máis, polo tanto penso que estos orzamentos son inviables, non sei ata onde vamos a chegar, no 2014 vamos a pagar non so intereses, e eu creo que esto non hai por onde quitalo, moitas grazas.

Sr. Alcalde, fixadas as posicións dos grupo, me corresponde a mín pechar o turno, eu non vou a facer o que fan os Alcaldes do PP, entonces eu non son do partido popular e evidentemente os exercicios de hipocresía e de cinismo pois loxicamente non os vou a executar, o partido popular a nos non nos fixo ningún favor, cando chega ó goberno decide convertir en debéda financeira a debéda pública para facerlle un favor os bancos porque o Partido Popular o diñeiro que lle deu os concellos prestoullo o Banco Central Europeo o 1% e os Concellos o deu o 6%, pero non nolo deu o 6% para devolve-lo 6% o Estado, non non, a mín directamente me enviou unha carta e me dixo que asinara con Bankia, e lle debes o 6% a Bankia que necesita axuda para sair, entonces efectivamente nosoutros tivemos que asinar con Bankia un préstamo o 6% con diñeiro que o Goberno lle diron o 1%, eso é o que o Partido Popular lle doen os Concellos, por certo a Marbella saqueada, ultraxada, lle deu nos orzamentos 100 millóns de euros nunha disposición adiconal o 1%, e dicir a quen rouba llo dan o 1% para sair adiante, para que sigan roubando, e a quenes facemos obra e efectivamente temos unha visión da debéda pública positiva, porque efectivamente hai premios



nobel que o dicen así esto é doutrina Keynesiana, non retraigas o gasto que te cargas o consumo, entonces efectivamente nesa situación nolo dan o 6%, o diñeiro que a eles lle dan o 1%, a nos nolo dan o 6%, nos votan os pes dos cabalos dos bancos que son as únicas entidades as que o seu goberno quere salvar, importandolles un hovo os Concellos e importandolles un hovo a xente, en canto o tema da debeda a Lei permite unha xestión entorno o 110%, e esta claro que efectivamente a debeda se precipita, cando este goberno chegou no 2007 a Alcaldía, estaban sen pagar todos os mobles deste Concello, estaba sen pagar o préstamo de facer esta gran obra, estaba sen pagar o déficit de Aquagest 200.000 euros, estaba sen pagar o burato da Dependencia cen mil euros o mes, eso é unha bola e este goberno atopou a formula de pagar todo, por suposto se eu no 2007 teño que pagar os buratos dos anteriores quedan os meus, e os terei que pagar no 2008, claro que retraso o pago, se eu o chegar teño que pagar os mobles deste Concello, teño que pagar os mobles deste Concello, é normal hai debeda herdada, e se estivera Manuel o recoñecería porque o recoñeceu máis dunha vez, en consecuencia efectivamente claro que se vai pagando o anterior, eu cando chego no 2007 pago as basuras do contrato do 2006, e evidentemente sempre se vos dixo a verdade na Xunta de Voceiros, a Dependencia hai que correxila deixa un furado de 200.000 euros ó ano, Aquagest o auga hai que correxila deixa un déficit de 200.000 euros ó ano, efectivamente supechedes sempre a verdade, sempre se vos dixo onde estaban os furados, as obras efectivamente se fan pero as obras se fan con diñeiro que non poñen os Aresanos, para facer a Casa da Xuventude fun a Deputación a por 200.000 euros para comprala, para dotala o Plan E de Zapatero, para facer a praza da Igrexa o Plan E de Zapatero, para asfaltar numerosos camiños o Plan E de Zapatero, para facer as escaleiras todas as praias Costas, e dicir aquí se fixo moita obra gratis, que os Aresanos non lles costou nin un peso, agora é certo que esa obra xenera gasto corrente, feita a casa de Servicos Sociais, hai que pagar a luz o teléfono o ascensor e meter xente, feita a casa da Xuventude hai que pagar a luz, hai que efectivamente pintala e hai que meter alguen que a atenda, feita a gardería hai que pagar a luz hai que limpar os xardins, pero van alí catro módulos cheos de nenos que permiten os seus pais conciliar, feito o Centro de Día hai que pagar o 25% dos gastos, e certo que a obra que executou este goberno xenerou gasto corrente claro que sí, aumenta o gasto corrente porque as cousas que se fan en beneficio dos Aresanos hai que mantelas claro que hai que mantelas, pois este orzamento as vai a manter como o mantuvo o ano pasado, a gardería esta hai aberta, a piscina esta aberta, o Centro de Día está aberto, a casa da Xuventude esta aberta, o Concello vello se vai a amañar igual que se amañou a Praza da Constitución vaise a amañar todo, igual que se puxo Redes como merece un lugar singular que vas e están todas as ruas empedradas, hai un acceso



como Deus manda á praia hai un clube de Remo do paquete, hai unha praza do pedregal totalmente remozada, eso claro que valeu diñeiro, e ben invertido está que da gusto ir alí, logo queremos vivir do turismo, nese sentido a responsabilidade política toda, a asumo toda, e evidentemente e vostedes poden salvar a súa votando en contra este documento, e ese é o xogo democrático e o que nos permite efectivamente nin máis nin menos que o sistema político que nestes momentos temos e que permite que cada pao efectivamente aguante a súa vela.

O Sr. Secretario toma a palabra e di que hai un erro que a praza e Administrativo – Tesourería C1.

Sometido a votación os orzamentos, o Pleno do Concello por 7 votos a favor (6 do PSdeG-PSOE e 1 NAL), e 5 votos en contra (3 P.P. e 2 BNG), acorda:

**1º.- Aprobar con carácter inicial o orzamento para o exercicio de 2013, plantilla de persoal e relación de postos de traballo.**

**2º.- De conformidade co artigo 169 por remisión do 177 do R.D.L 2/2004 de 5 de marzo, expoñer a información pública o orzamento, plantilla e relación de postos de traballo polo prazo de quince días mediante Edicto publicado no B.O.P.**

**3º.- No caso de ausencia de reclamacións-alegacións o presente acordo inicial elevarase automaticamente a definitivo.**

#### ESTADO DE GASTOS

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE (€)
	<b>A) OPERACIÓNS CORRENTES</b>	
1	Gastos de persoal	1.759.482,28
2	Gastos de bens correntes e de servizos	2.228.655,88
3	Gastos financeiros	252.820,00
4	Transferencias correntes	200.689,68
5		
	<b>TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES</b>	<b>4.441.647,84</b>



<b>B) OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>		
6	Investimentos reais	287.782,26
7	Transferencias de capital	0,00
8	Activos financeiros	4.000,00
9	Pasivos financeiros	320.633,64
TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL		612.415,90
TOTAL GASTOS		5.054.063,74

#### ESTADO DE INGRESOS

<b>CAPÍTULO</b>	<b>DENOMINACIÓN</b>	<b>IMPORTE (€)</b>
<b>A) OPERACIÓNS CORRENTES</b>		
1	Impostos directos	1.781.273,20
2	Impostos indirectos	75.000,00
3	Taxas e outros ingresos	787.014,00
4	Transferencias correntes	1.998.156,39
5	Ingresos patrimoniais	219.212,00
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES		4.860.655,59
<b>B) OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>		
6	Enaxenación investimentos reais	0,00
7	Transferencias de capital	128.396,15
8	Activos financeiros	65.012,00
9	Pasivos financeiros	0,00
TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL		193.408,15
TOTAL INGRESOS		5.054.063,74





## CADRO DE PERSOAL

A) FUNCIONARIOS DE CARREIRA							
Categoría	Prog	Núm.	Grupo	Subgrupo	Escala	Situación	
Secretario	920	1	A	A1-A2	H. Nacional	Propiedade	
Interventor	934	1	A	A1	H. Nacional	Vacante	
Tesoureira	934	1	C	C1	Ad. Xeral	Vacante	
Administrativo	934	1	C	C1	Ad. Xeral	Propiedade	
Administrativo	920	4	C	C1	Ad. Xeral	3P e 1V	
Auxiliar Administrativo	920	1	C	C2	Ad. Xeral	Propiedade	
Oficial Xefe Policía Local	132	1	C	C1	Ad. Espec.	Propiedade	
Policía Local	132	2	C	C1	Ad. Espec.	Propiedade	
Psicólogo/a	231	1	A	A1	Ad. Espec.	Propiedade	
Traballador/a Social	231	1	A	A2	Ad. Espec.	Propiedade	
Arquitecto Técnico	151	2	A	A2	Ad. Espec.	Propiedade	
Axente Desenrolo Local	241	1	A	A2	Ad. Xeral	Propiedade	
Auxiliar Biblioteca	334	1	C	C2	Ad. Espec.	Propiedade	
B) PERSOAL LABORAL FIXO							
Categoría	Prog	Núm.	Titulación	Situación			
Director Técnico Deportivo	341	1	Lic. INEF	Propiedade			
Capataz	453	1	Est. Prim	Propiedade			



Chófer vehículos municipais	453	1	Est. Prim	Propiedade
Oficial 1ª	453	5	Est. Prim	Propiedade
Conserxe C.P.I. Conde Fenosa	323	1	Est. Prim	Propiedade
Limpadoras	920	3	Est. Prim	Propiedade

## C) PERSOAL LABORAL TEMPORAL

Categoría	Prog	Núm.	Titulación	Situación
Educadora Social	231	1	Diplom.	Temporal
Auxiliar Advo.	231	1	ESO	Temporal
Auxiliar Advo. Ludoteca	323	1	ESO	Temporal
Auxiliar Advo. Urbanismo	151	1	ESO	Temporal
Auxiliar Advo. Servizos Ec.	934	1	ESO	Temporal
Auxiliar Advo. Servizos Xer.	920	1	ESO	Temporal
Auxiliar Advo. Sec. Xulgado T/parcial	920	1	ESO	Temporal
Auxiliares Policía Local	132	5	ESO	3 Tem. 6m, 2 Tem. 3 m.
Auxiliar Centro 3ª Idade	231	1	ESO	Temporal
Peóns Servizos	453	1	Est.Prim.	Temporal
Axente Telecentro	334	1	Bach/FP2	Temporal
Aux Admtvo Casa Xuventude	241	1	Diplom.	Temporal

## D) PERSOAL EVENTUAL-CONFIANZA

Categoría	Prog	Núm.	Titulación	Situación
Auxiliar Administrativo Alcaldía	912	1	ESO	Temporal
Auxiliar de Comunicación Alcaldía	912	1	ESO	Temporal
Auxiliar Administrativo PXOM-Infraest.	912	1	ESO	Temporal



## **CONTROL E FISCALIZACIÓN ORGANOS DE GOBERNO.**

### **Punto 8.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DICTADAS POLA ALCALDÍA PRESIDENCIA DENDE A CELEBRACIÓN DA ANTERIOR SESIÓN ORDINARIA.**

De conformidade co previsto no artigo 42 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro a Alcaldía-Presidencia procede a dar conta das Resolucións adoptadas pola mesma dende a celebración da última sesión plenaria ordinaria, ós efectos de control e fiscalización dos órganos de goberno previsto no artigo 22.2 a) da Lei 7/1985, de 2 de abril.

### **Punto 9º.- MOCIÓNS E PROPOSTAS.**

Non hai mocións en vía ordinaria.

Antes de entrar no turno de rogos e preguntas, polo Sr. Alcalde preguntábase os voceiros se teñen algún moción para presentar pola vía de Urgencia.

Presentándose as seguintes Mocións:

Moción do BNG.

Toma a palabra o Sr. Mesias Farias, manifestando que anteriormente no punto correspondente non se lles deixou votar estes acordos por eso os someten pola vía de urgencia, dando seguidamente lectura ós acordos:

- 1.- Buscar unha fórmula dende o Concello para executar en paralelo a 1ª fase que agora se aproba e a 2ª Fase ampliación da rede de abastecemento en Cervás cun presuposto esta última de 30.286,23 euros.**
- 2.- Elaborar urxentemente –tal e como tiña acordado o pleno por unanimidade no pleno do 26 de abril de 2012 o proxecto para dotar do servizo a aquelas zonas que non figuran incluídas na primeira e segunda fase da obra que agora se aproba”.**

Sr. Alcalde ¿podías retirar o segundo punto?, posto que o proxecto xa está.

Sr. Fernandez Permuy hai na parte de arriba de Cervás na zona de Leiro hai non lle chega, polo menos non aparece contemplado nesa zona o abastecemento de



auga, e a elaboración urxente do proxecto, e a Santa Catalina por exemplo tampouco lle chega.

Sr. Alcalde, o Monasterio non a necesita que ten auga.

Sometida a votación a urxencia o Pleno do Concello por 5 votos a favor (3 PP e 2 BNG) 6 votos en contra (6 PSdeG- PSOE) E 1 abstención do grupo municipal de NAL acorda rechaza-la urxencia.

O Sr. Alcalde presenta pola vía de urxencia, unha Moción en defensa das vítimas da estafa das preferentes, sabedes que hai numerosos veciños que están afectados por unhas depósitos que non garantizan o reintegro das imposicións e ademais se esta barallando unha situación na que poden perder incluso entre o 40% e o 50% de súas imposicións entóns é apoiar os Afectados das Preferentes, así no lo pide a asociación de afectados das preferentes de Ferrolterra e os acordos son acordos tipo que foron presentados en todos os Plenos:

- 1.- Garantir o acceso o arbitrase de todos os afectados non únicamente dos que sexan elixidos.
2. Acelerar as arbitraxes igualando como mínimo o ritmo que había antes das eleccións, que era dunhas douscentos laudeos diarios.
- 3.- Notificar as resolucións que foron denegadas por novagalicia.
- 4.- Esixir o Goberno Central que derogue o Decreto que permite impoñerlles perdas dentro do 50 e o 70% os impositores.

Esta é unha moción tipo que redactou o Partido Socialista que foi aprobada no resto dos Concellos, e que incorporou loxicamente emendas tanto o BNG como o Partido Popular, o espírito é que a todos os que meteron diñeiro se lles devolva, e que nese sentido ninguén perda unha peseta, na medida que sexa posible que non perdan diñeiro, por mercar un produto sobre o cal loxicamente existe unha complicidade que imposibilita dalgunha maneira, un produto que non era o adecuado para efectivamente establecer un aforro non, outra cousa son os especuladores que seguramente os habería, pero efectivamente intentamos defender que todo o mundo se lle devolva o que tiña e que a ser posible non se perda diñeiro, fixamos posicións.

Sometida a urxencia a votación o Pleno do Concello por 9 votos a favor ( 6 do PSdeG- PSOE, 2 do BNG e 1 NAL), E 3 abstención do Grupo Municipal do PP acorda ratificala urxencia.



Acto seguinte sometese a votación a Moción e o Pleno do Concello por 9 votos a favor ( 6 do PSdeG-PSOE 2 do BNG e 1 NAL) E 3 abstencións do Grupo Municipal do PP, acorda prestarlle a súa aprobación á Moción.

**Punto 10º.- ROGOS E PREGUNTAS.-**

Aberto o turno de rogos e preguntas o Sr. Alcalde advirte que os Grupos que están constituídos como tal interveñen a través do seu portavoz, aquí non somos todos distintos, Sixto un día quixo intervir despois de intervir Manuel e non se lle deixou, e vos non sodes distintos.

Sr. Mesias Farias, pero non tiña razón que o dixo o Sr. Secretario.

Sr. Alcalde aquí se fai o digo eu mentres eu sexa Alcalde.

Sr. Mesias Farias, xa o sei, pero é conforme a Lei Julio.

Sr. Alcalde te estou dicindo que en rogos e preguntas ten que preguntar o voceiro, senon non os constituíades en grupo, os constituídes en grupo e interves a través do voceiro.

Sr. Mesias Farias, eu interveño pero tamén pode intervir o compañeiro.

Sr. Alcalde, non, non lle deixo, esixides que conste en acta, pero estades constituídos como grupo e como tales tedes que intervir a través do seu portavoz, aquí houbo un debate un día Sixto quixo intervir despois de Manuel e aquí somos todos iguais, por favor estou harto de que esto sexa un colexio e que o profesor teña que dicir os alumnos que atendan, o vir o Pleno é voluntario sabes Concelleira de Redes, é voluntario vir aquí e se se ven se acatan efectivamente as normas, vostede representa un número de Aresanos que efectivamente os ten que representar coa dignidade adecuada, e se quere intervir e lle corresponde pide o seu turno pero cuchichear nun Pleno é moi feo, levas cuchicheando todo o Pleno e como comprenderas cando o fas se estamos todos calados da igual, pero estamos intervindo e debatindo, entonces por favor os grupos que se decidiron constituir como tales designan un portavoz e deciden que portavoz os representa en cada punto entonces eso efectivamente se fai así e se mante así, entonces en rogos e preguntas quen vai a ser o voceiro do BNG.

Resposto o Sr. Mesias Farias, que vai a ser el.

Sr. Alcalde moi ben grazas.

Sr. Mesias Farías, solicita que conste en acta que o Sr. Alcalde negou a palabra o Concelleiro Anxo no turno de rogos e preguntas cando está claro que pode facer uso del.

Fago as preguntas resolución 335/12 trátase da contratación dun Auxiliar da Casa da Xuventude, ven cun informe de Secretaria-Intervención que di que o fiscaliza de



desconformidade, entónces eu pregunto Sr. Alcalde como é posible facer este contrato que non ten o dictame favorable do Secretario-Interventor.

Seguinte pregunta referente a un tocho que nos diron o outro día, por eso xa digo eu que aquí non é, este tocho nolo diron o outro día fotocopiado eu pediría que igual que fixemos o principio de mandato nos pedimos que toda a información se nos dera por correo electrónico, causando un aforro extraordinaria de papel e de tempo dos funcionarios que tiveron que facer este traballo, ben pois en todo este tocho veñen as resolucións de gasto de todo o ano 2011, e estamos no 2013, ben e nestas resolucións de gasto veñen tamen as dietas e a mín me parece increíble que vostede Sr. Alcalde cobre as dietas que cobra, como é posible que a xente de Ares lle teña que pagar o Alcalde para ir a unha conferencia do Foro Europa ó hostas dos Reixes Católicos para escoitar a Pepiño Blanco, como é posible que lle teñamos que pagar unha dieta para escoitar unha conferencia de Caamaño, como é posible que lle teñamos que pagar unha dieta para ir a unha entrevista da cadea COPE, e cando digo dietas digo 55,36 euros que é o que vale cada dieta máis os gastos de locomoción máis os gastos da peaxe, máis os gastos de aparcamento, como é posible que vostede pase esas dietas, como é posible que vostede pase unha dieta para ir a un acto de irmandade entre o Concello de Ferrol e o Concello de Mondoñedo que pintamos nos ahí, que pinta o Alcalde de Ares ahí, ira de xeito particular, pero por favor vostede non faga negocio con esto, como é posible que vostede pase unha dieta por ir o Campionato de España de bateis, agora si eu lle atopo sentido a que vostede este tan contento de que os nosos equipos acaden existos por ahí, porque claro un éxito do clube de Remo repercutelle a vostede en que se vai a embolsar unha dieta, vostede foi igual que fun eu, igual que foron moitos candidatos de toda a comarca a unha chamada que deron os medios de comunicación para facer unha reportaxe previa as eleccións municipais do ano 2011 fixo vostede esa viaxe e vostede cobrou a dieta, a min esto me parece increíble, pero vostede en calidade de que cobra as dietas, unha dieta se cobra en calidade de representación, vostede foi o muelle Curuxeiras como fumos nos como fun eu tamén a facer aquela foto no medio da ría, vostede foi en calidade de Alcalde, vostede cree que esto e normal. So mirarmos un pouco de todo este documento, faltanos por mirar, e faltan todas as do 2012.

Sr. Alcalde, Emilio de recordó que me preguntas colle unha dieta e me preguntas e eu te respondo non teño ningún problema.

Sr. Mesias Farias, a respecto das fotocopiadoras, o outro día atopamonos con que había unha fotocopiadora abaixo, dixonos Ruben que tiñamos unha fotocopiadora abaixo que é para os grupos, ben nos o que vemos que o Concello esta cheo de fotocopiadoras debe haber unhas dezasete, nos en primeiro lugar necesitamos saber os datos, canto costa cambiar todas estas fotocopiadoras, nos consideramos que é un gasto excesivo para nos, outra cousa é que se nos xustifique que eso vai a sair máis barato, o cal éu dubido posto que considero que non todos os departamentos deben de ter unha fotocopiadora, eu creo que unha fotocopiadora ben feita por planta e conectada en rede para que a hora de sacar grandes



volumes de fotocopias poida sacarse de cada departamento estaría ben, nos o que decimos é que temos esa fotocopiadora abaixo que para nos de verdade que é un autentico luxo, nos que de verdade que renunciamos a ela, porque de verdade que para nos é demasiado, e queremos que se nos explique en que consiste o contrato ese, e como vai a resultar para as arcas municipais economicamente falando.

En canto á pregunta que lle fixen antes que vostede non me respostou, relativa ó cronograma, di nos orzamentos que a Consellería de Medio Ambiente non vai a darnos unha cantidade de 19.000 euros por unha fase da elaboración do PXOM, nos queremos saber como foi eso, se hai algunha notificación da Consellería de Medio Ambiente, e como afecta isto ó cronograma.

Toma a palabra o Voceiro do Partido Popular Sr. Sixto Galiano, no mes de novembro como se levantou o Pleno, se quedou sen facer as preguntas, a primeira e en relación a Rúa Mazote chamada agora Federico García Exposito, esa rúa estivo mal chamado como Avenida de Beirut, estaba toda levantada, e preguntamos como ía a quedar, se nos dixo que ían a pasar todo o cableado as tuberías e unha vez que este vai a quedar unha rúa humanizada, e así foi, sen embargo desde hai tres meses a rúa está reventada outra vez e non sei que é que non pasaron todo o que tiñan que pasar.

A seguinte pregunta, e con respecto a Folga Xeral do 14-12-2012, pregunto se houbo algunha resolución da Alcaldía para que se lle descontase a xente que faltou a traballar.

Con respecto a resolución da Alcaldía 254/1 que é a proposta da Concellería de Persoal para a contratación dun auxiliar de limpeza, aquí o informe do Sr. Secretario Interventor non sei si é favorable ou desfavorable, o Sr. Secretario di que o acceso á función pública se rexera en base os principios, de publicidade merito e capacidade, e esto evindementemente non se fixo no seu día.

Teño outra que teño entendido que o Concello pediu unha subvención a Deputación para a contratación de dúas persoas en servicios sociais, quería saber o criterio que se levou a cabo para contratalas.

Sr. Alcalde sería da Consellería de Igualdade.

Sr. Sixto Galiano posiblemente este equivocado.

Outra, porque non se paga o uso e gasto da piscina de Mugardos, como ven no xornal.

E a última é que eu teño outro tocho como o do BNG de resolucións, o del a carpeta e vermella e a miña amárela, esto me diron o sábado as dúas tarde, e esto son as Resolucións de gasto da Alcaldía, é evidente que todo isto en dous días non se pode mirar, eu pregunto onde están as de 2012, porque isto teóricamente debería ser mensual, ahí ahí dietas, "Taberna del Puerto



Julio Iglesias y otros “, en comidas aquí me quedei asustado, e os viaxes viaxa vostede máis que o baul da Conchita Piquer, bastante máis, quilómetros o coche ten máis que o meu camión.

Sr. Alcalde 550.000 quilometros.

Sr. Sixto Galiano parecenme poucos para os viaxes que hai aquí.

Sr. Alcade, bueno resposto a todas as preguntas, o Asesor de Cultura que se contrata, xa o dixen no anterior Pleno, había efectivamente un ADL que estaba subvencionado ese ADL se convirte en funcionario, e queda a subvención do ADL, e a volvemos a convocar e contratamos un ADL como sempre tivemos subvención o 70% porque o que tiñamos efectivamente concursou, agora nos baixan a subvención do ADL do 70 o 30% é unha perda importante na subvención con tanto recorte do Partido Popular, pois efectivamente o único que encontramos e que efectivamente nunha subvención nun contrato do ADL que baixa do 70 o 30, o que significa que a aportación municipal que antes era do 30 agora sube ó 70, entonces como non podemos asumir esa perda da subvención, reducimos o contrato en vez de despedir o traballador e incrementar o paro, lle decimos que te contratamos menos horas e como é para atender a casa da xuventude, a cal tenun horario pois venres de 5 da tarde a 8, sabados de 12 a 14 e de 17,00 a 20,00 e domingos de 12 a 2 e de 5 a 8, entonces como non fai falla contratar con xornada completa, te contratamos en xornada parcial que nos sae máis barato que coa aportación do 70 por cento que nos veriamos obrigados se aceptamos a subvención de ADL , e evidentemente fixemos esa contratación, no informe de Secretaria Intervención efectivamente di que por tratarse dun caso excepcional para cubrir unha necesidade urxente e inaplazable nunha categoría prioritaria para o funcionamento dos servizos públicos estando acreditada a experiencia do traballador pon conforme coa proposta e aceptada a mesma suscríbese o preceptivo contrato, e eu o asino, entonces está aquí 28 de decembro de 2012, na parte baixa eu é o que fago, na parte de aquí da Resolución, entonces efectivamente tratándose de algo que ten que atenderse eu non vou a deixar a casa da xuventude sen atender.

As dietas eu onde vou como Alcalde e xenero gastos evidentemente teño dereito a pasalos á Corporación, entonces efectivamente eu fago así e en consecuencia esta todo efectivamente perfectamente fiscalizado porque o tedes ahí, e ademais o teñen todo intervido na Secretaria-Intervención, entonces se a mín me invitan como Alcalde, eu a onde vou como Alcalde paso meus gastos, creo que ese é o meu dereito e o exercito, e por suposto é transparente e ahí está, porque se pasan todas xuntas, sempre foi así Sixto, non temos outra posibilidade, efectivamente cando reclamamos as resolucións de gasto, pois efectivamente significa un traballo que absorbe o cotidiano e nese sentido temos a mala práctica, de pasalas todas xuntas, no anterior goberno, neste e dicir se fai efectivamente o que se pode, e calquera de vosoutros subides a Secretaria Intervención vos din que están en elo e en canto as teñan que as pasaran, están ahí todas e dicir que nin trampa nin carton, que debían de vir mensualmente, pois efectivamente nunca viñeron mensualmente, non é unha cuestión do





Partido Socialista nin é unha cuestión do Partido Popular, e unha cuestión de optimización de recursos na xornada laboral por parte dos traballadores que cando se vai acercando o orzamento como teñen que telas para a Conta Xeral e tal pois xa aproveitan para logo pasarllas o Pleno, pero ahí as tedes e podeades fiscalizar absolutamente todo, e publico e notorio que neste Concello o Alcalde non ten coche oficial, anda co seu, eu estou dando voltas vendo baches tal, e eu na vida pasei un quilómetro de gasolina polo meu traballo no Concello, xa podo estar tres horas co meu coche indo a Cervás indo a Chanteiro, mirando obras que esos quilómetros que son moitos nin un paso, ando no meu coche a mín o Concello non me pon un coche, non mo pon porque eu tampouco o quero, porque eu sendo Alcalde, podía aprobar unha resolución dicindo que un coche o uso eu, pois non, aquí efectivamente pode ter coche calquera eu non teño ando co meu, e efectivamente ando moito porque ando vendo todo e non paso nin un solo deses gastos, agora cando vou a Santiago que son 20 ou 30 euros de gas-oil e de autopista por suposto que cobro, e se me da a hora de comer por suposto que como e se gasto paso o xustificante, porque me parecería de coña que nunha representación institucional cando vou a un sitio como Alcalde efectivamente paso a dieta, vostedes a teñen ahí e o critican, e me parece moi ben e eu asumo loxicamente esa crítica o que non vou a facer eu desde logo o teño perfectamente asumido, nun cargo político enriquecerse nunca, pero tampouco empobrecerse.

En canto as fotocopiadoras temos unha oferta que é moito máis ventaxosa que a que tiñamos e a vamos a usar, nos din que vamos aforrar diñeiro, por certo para facer fotocopias hai que meter unha clave sabemos quen vai a fotocopiar e quen non, aquí hai moito abuso nese sentido, creemos que o novo sistema é moito mellor.

En canto o cronograma para facer o plan de urbanismo, nos seguimos efectivamente executando temos unha subvención da Consellería de medio Ambiente e según vaimos presentando os traballos pois efectivamente a cobraremos e teremos que respetar efectivamente os cronogramas e listo.

En canto o Mazote non se rematou a obra Sixto, por certo esta moito mellor que como eu o atopei, no ano 2007, faltaba o gas cidade, queremos gas cidade en Ares ou no o queremos, bueno eu creo que hai que meter o gas cidade, Ares prospera e hai que metelo, o Mazote estaba planchado 50 millóns de pesetas que valeu esa obra quedou planchadisimo, e aparecen que queren meter o gas cidade, que lle dicimos que non, non lle dicimos que si e que deixe a carretera como estaba, e van a facelo porque si te fixaches na Avda. de Mugar dos xa fixeron reposicións e quedou bastante ben, e eso o van a facer efectivamente no Mazote.

A folga xeral, a mín na vida se me preguntou se se descontaba ou non se descontaba, aquí houbo folgas xerais onde determinada persoa dicidia se se descontaba ou non se descontaba, e eu non me enteraba, non se descontou porque el a fixo, ou se descontou porque el non a fixo, a min nunca se me preguntou, pòr esto nunca na vida, a primeira vez e agora na folga xeral e eu efectivamente non sei se descontou ou non se descontou, se se vai a



descontar, ou si se sabe quen fixo folga ou non se sabe, a min na vida me baixaron e me dixeron Julio hai folga se paga ou non se paga e máis me enteraba pola nómina que as veces se descontaba e as veces non se descontaba, non sei quen o decidia podemos preguntar e velo, alguen o decidia e sempre que se decidiu a min non me veu a preguntar, e agora con esta folga eu fixen o mesmo nin me preocoupei, porque eu nunca o decidin eso.

O Auxiliar de limpeza era para cubrir unha baixa, unha persoa pediu a baixa e hai que seguir limpando, e a razón da contratación.

E nos servicios Sociais, son convocatorias nominativas específicas para xente dun programa moi concreto, hai uns programas de violencia de xenero e quen esta nesa situación con sentenza recoñecida dun maltrato e tal pode pedir acollerse a esa programa en consecuencia son contratos nominativos que se solicitan con carácter expreso polas persoas que están nesa situación.

Solicita a palabra o voceiro do BNG por alusiones.

O Sr. Alcalde nega a palabra, esto son rogos e preguntas non hai alusions, aquí o único que responde as preguntas e o Alcalde o día a lexislación.

Sr. Mesias Farias, o Alcalde non pode mentir, temos que aguantar nos as mentiras do Alcalde.

Sr. Alcalde non estas no uso da palabra Emilio, é o primeiro apercebemento.

Non estas no uso segundo apercebemento.

Sr. Alcalde, por respecto o publico non vou a levantar a sesión, en rogos e preguntas, se lle formulan as preguntas o Alcalde, e este as resposta, se poden compartir ou non, a resposta do Alcalde pero é a resposta do Alcalde, o demáis e susceptible de crítica política do que se considere oportuno, pero en rogos e preguntas a Lei de Bases di que é así.

Sr. Alcalde, me imaxino que parte do publico que acaba de entrar son afectados das preferentes, por respecto as persoas que acaban de entrar vamos a informar que neste Pleno aprobamos unha Moción, evidentemente o Concello de Ares, independentemente de que teña seus propios conflitos e súa propia dinámica non deixa de ser sensible ante situación que afectan efectivamente os veciños da Comarca de Ferrolterra asi como o resto de Galicia e o resto de España, todos somos conscientes de hai unha situación que é inxustisima e é a das preferentes todos somos conscientes de que é totalmente inxusto que unha banca a través de produtos de moi difícil comprensión dunha gran complexidade pois ofrezca a aforradores a posibilidade de impoñer efectivamente o esforzo da súa vida nun produto tan complexo e logo a inxustiza que se manifesta co tempo de que efectivamente o impositor cumpre, deposita seus aforros e logo esta banca non cumpre sua parte non cumpre seu contrato e



ademáis efectivamente que atope algún amparo que lle poda servir para impoñer quitas inxustas sobre o esforzo de toda a vida das persoas que de boa fe o único que fixeron foi depositar os aforros conseguidos co esforzo do seu traballo nunha entidade de crédito en atención a esto se presentou unha Moción e esa moción creo recordar que foi aprobada cos votos de NAL cos votos do BNG e cos votos do Partido Socialista, e esa moción loxicamente é unha moción que busca darlle respaldado, que busca darlles desde o Concello de Ares todo o apoio que este nas nosas mans, e a nosa primeira toma de contacto pois efectivamente nesa moción esiximos efectivamente que todo o mundo poida acceder as instancias de reclamación que considere loxicamente oportunas, que no ámbito dos arbitraxes se manteña o ritmo da anterior campaña electoral e en consecuencia se resolvan efectivamente de maneira rápida de maneira sumaria, de maneira expeditiva, todos os expedientes que así efectivamente o reclamen e ademáis pedimos que se garantice a devolución do 100% e que en consecuencia o goberno do Estado derogue o instrumento normativo que e o Decreto que pode servir para que a entidade poda acollerse a quitas de ata o 50 e o 70%, entonces pedimos o reintegro do 100% das imposicións e polo tanto dos aforros a todas as victimas das preferentes, esta e unha primeira toma de contacto, a partir de aquí o Concello de Ares vai a facer un Bando, onde vai a poñer a disposición de todos os afectados dos servizos xurídicos do Concello, vamos a intentar desde os servizos xurídicos municipais prestar todo o asesoramento que sexa posible os afectados e por suposto vamos a respaldar con esta moción e a presenza institucional dos membros da Corporación que o consideren oportuno e por suposto deste Alcalde, nas diferentes actividades, nas diferentes manifestaciones, nos diferentes foros onde os afectados das preferentes procedan á defensa lexitima dos seus dereitos, desde hoxe neste Pleno contados co apoio desta Corporación por maioría, desde hoxe este Pleno respaldara que se os devolva o 100%, e desde hoxe esta Corporación intentará axudaros en todo o que este nas súas mans, en forma efectivamente de coñeceros, saber efectivamente cantos afectados hai en Ares, e de poñer a vosa disposición toda nosa axuda tanto institucional como política dos grupos que votamos a favor desta Moción, para defenderos alí onde vosoutros consideredes oportuno, os dou as grazas por estar aquí e simplemente transmitiros que na mancomunidade onte este Alcalde tamén propuxo que a Mancomunidade vos apoiara e se aprobara unha resolución que defenderá tamén vosas aspiracións e así se acordou, todos os Alcalde da Mancomunidade están a día de hoxe redactando un texto que se fara publico hoxe, onde a Mancomunidade de Ferrol por unanimidade de todos seus Alcaldes, alí foi por unanimidade, na Mancomunidade tamén os Alcaldes do PP votaron a favor, aquí non, na Mancomunidade si que votaron a favor aquí non votaron a favor.

Sr. Sixto Galiano, non non eso é demagogia.

Sr. Alcalde ¿votachedes a favor?.

Sr. Sixto Galiano, porque non se presentou en tramite ordinario.

Sr. Alcalde, se abstiveron.



Sr. Sixto Galiano, esto é unha encerrona do Alcalde de Ares, é unha encerrona, eu non teño documentación para nada.

Sr. Alcalde, é unha Moción pola vía de urxencia, e unha Moción.

Sr. Sixto Galiciano, ven vostede cun papel a última hora, non a presentou na Xunta de Voceiros.

Sr. Alcalde, expliquei o que foi, entonces na Mancomunidade foi por unanimidade de todos os Alcaldes, e vai nos mesmos términos que a que alí se aprobou.

Sr. Sixto Galiano, saiban vostedes que é unha manipulación do Alcalde de Ares.

Sr. Alcalde, non é unha manipulación, pudechedes votar o que queirades Sixto, se presentou pola vía de urxencia como se votan outras, se vota a urxencia e ata na urxencia os abstuvisteis, e puxemos a Moción e na Moción tamen vos abstuvisteis, e eso non é mentir é un tema urxente porque hai afectados que esixen seus dereitos, e na urxencia os abstuvisteis e é vosto problema, e estou harto de que insultes e que digas que aquí se manipula, te abstiveches porque che deu a gaña.

Sr. Sixto Galiano, eu non insultei a ninguen

Sr. Alcalde non é unha manipulación do Alcalde, agradecemos a vosa presenza, onte na Mancomunidade aprobamos un texto, hoxe aquí aprobamos outro e este é o obxectivo dar o respaldo os aforros de xente humilde porque os coñecemos, fumo alí e os vimos, sodes xente humilde e xente traballadora, depositachedes os aforros que é o esforzo da vosa vida, e efectivamente os grupos políticos son libres de votar e de pedir as explicacións que consideren oportunas, e a miña obrigaón e dalas e as din, como foron outras mocións e votou a urxencia e se voto a Moción, vosoutros fuchedes libres de votar o que quisechedes, en consecuencia os dou as grazas, e tedes o respaldo desta Corporación para o que faga falla, e vos agradezo moito de que estedes aquí.

Sendo as once horas e coarenta e sete minutos do día ó comenzo sinalado polo Sr. Alcalde-Presidente levantase a sesión de todo o cal eu como Secretario dou fé.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,